

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

REUNIÓN CELEBRADA NA CIDADE DA CULTURA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

7 de abril de 2022

Hora de inicio: 10:10h

ASISTENTES:

Luísa Feijóo	Concello de Ames
Leonardo Pena	Concello de Ames
Inés Ramos	Concello de Arteixo
Orlando Saavedra	Concello do Barco de Valdeorras
Vanesa García	Concello de Boiro
Yolanda Bouzas	Concello de Brión
Lúa Sanguñedo	Concello de Cambre
Daniel Fernández	Concello de Cartelle
M ^a Iglesias Becerra	Concello de Culleredo
M ^a José Paz	Concello de Fene
Fátima Rodríguez	Concello da Guarda
Rocío López	Concello da Laracha
Olga López	Concello de Lugo
Ana Varela	Concello de Mugaros
Juan A. González	Concello de Nigrán
Luís Pérez	Concello de Outes
Begoña Olveira	Concello da Pobra do Caramiñal
Rosa Fernández	Concello de Poio
Ana Campos	Concello de Poio
Verónica Carrera	Concello de Pontearreas
Ángeles Castro	Concello de Pontedeume
Marcos Rey	Concello de Pontevedra
Patricia González	Concello de Pontevedra
Elena López	Concello das Pontes
Olga García	Concello de Redondela e Deputación de Pontevedra
M ^a Francisca Vidal	Concello de Ribeira
Ramón Fernández	Concello do Rosal
Ana M ^a Moreiras	Concello de San Cibrao das Viñas

María Muíño	Concello de San Sadurniño
Gumersindo Guinarte	Concello de Santiago de Compostela
Cristina Martínez	Concello de Tomiño
Xosé Antón González	Concello de Verín
Jesús Fernández	Concello de Viveiro
José Ramón Rioboó	Deputación da Coruña
María Loureiro	Deputación de Lugo

Escusan asistencia: Concello de Burela, Concello de Cabanas, Concello de Caldas de Reis, Concello de Carral, Concello de Ferrol, Concello de Guitiriz, Concello de Laxe, Concello de Malpica de Bergantiños, Concello de Monforte de Lemos, Concello de Moraña, Concello de Narón, Concello de Oleiros, Concello de Pontecesures, Concello de Soutomaior Concello de Teo e Concello do Irixo.

Non asisten: Concello da Coruña, Concello da Estrada, Concello da Pastoriza, Concello da Pobra de Trives, Concello das Neves, Concello de Abegondo, Concello de Alfoz, Concello de Allariz, Concello de Baños de Molgas, Concello de Barreiros, Concello de Barro, Concello de Bergondo, Concello de Betanzos, Concello de Bueu, Concello de Cabana de Bergantiños, Concello de Cambados, Concello de Carballo, Concello de Cariño, Concello de Castrelo de Miño, Concello de Castroverde, Concello de Corcubión, Concello de Covelo, Concello de Cuntis, Concello de Gondomar, Concello de Lousame, Concello de Manzaneda, Concello de Miño, Concello de Moaña, Concello de Moeche, Concello de Monfero, Concello de Muros, Concello de Noia, Concello de Oímbra, Concello de Ourense, Concello de Porto do Son, Concello de Ramirás, Concello de Redondela, Concello de Rianxo, Concello de Riotorto, Concello de Rodeiro, Concello de Sada, Concello de Sandiás, Concello de Sarria, Concello de Silleda, Concello de Triacastela, Concello de Valga, Concello de Vereia, Concello de Viana do Bolo, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Vilar de Santos, Concello de Vilardevós, Concello de Vilasantar, Concello de Xove, Concello do Porriño e Concello do Valadouro.

Previamente ao inicio da reunión Juan González dá a benvida. Luísa Feijóo Tamén toma a palabra para ofrecer unhas palabras de agradecemento á Vicepresidenta do Fondo Galego, Ana Breixo, xa que recentemente renunciou ao seu cargo político no seu concello de San Sadurniño, e por tanto, abandona o cargo tamén no Fondo Galego.

Acto seguido faise un repaso polos diferentes puntos da orde do día.

1 Aprobación da acta anterior.

Luísa Feijóo indica que, tras o envío por correo electrónico da actas correspondente á Asemblea Xeral do 28/10/2021 os días seguintes á celebración de dita reunión, non se recibiu ningunha comunicación ao respecto. Así mesmo, volveuse enviar coa convocatoria da presente reunión, sen recibir achegas novamente. Tras sometelo a aprobación das persoas asistentes, dáse por aprobada por unanimidade.

2 Ratificación das altas e baixas.

Luísa Feijóo informa de que o Fondo Galego pechou o ano 2021 con coas 102 entidades socias, mais comezamos o novo exercicio cunha nova alta:

Concello do Rosal (Pontevedra): adhesión por acordo plenario celebrado o día 20 de xaneiro de 2022.

Dáse a benvinda ao Concello do Rosal, e saúda ao seu representante, Ramón Fernández.

Por tanto, dáse conta nesta Asemblea dunha nova alta, resultando o número de entidade socias en 103.

3 Proposta de modificación de cargos da Comisión Executiva.

Juan González explica que hai unha circunstancia que nos leva a proceder a someter a aprobación a renovación de cargos da Comisión Executiva, que é o cambio da persoa representante do Concello de Moraña.

Así as cousas, o actual representante do Concello de Moraña, o Alcalde José Cela, renuncia ao seu cargo, e no seu lugar é nomeada Normal María Caldas Búa, Concelleira de Moraña. Por tanto, trátase simplemente dun cambio na persoa que representa a este concello na Comisión Executiva pero que é preciso ratificar na Asemblea e remitir posteriormente ao Rexistro central de asociacións.

Por tanto, déixase constancia da persoa saínte da Comisión Executiva

- José Cela Camiño. Alcalde de Moraña. Vogal da Comisión executiva.

E da persoa entrante:

- Norma María Caldas Búa. Concelleira de Moraña. Pasa a ser vogal da Comisión Executiva.

Por tanto, a comisión executiva quedaría configurada do seguinte xeito:

CARGO	NOME	CONCELLO/DEP	PROVINCIA
Presidencia	Juan A. González Pérez	Nigrán	Pontevedra
Vicepresidencia	Ana Belén Breixo Gundín	San Sadurniño	A Coruña
Tesourería	Daniel Fernández Carril	Cartelle	Ourense
Secretaría	Luísa Feijoó Montero	Ames	A Coruña
Vogalía	Norma María Caldas Búa	Moraña	Pontevedra
Vogalía	Manuel Cerdeira Lorenzo	O Irixo	Ourense
Vogalía	María Loureiro García	Deputación de Lugo	Lugo
Vogalía	Gumersindo Guinarte Cabada	Santiago de Compostela	A Coruña
Vogalía	Marga Figueroa Vázquez	Oleiros	A Coruña

A proposta queda aprobada por unanimidade.

4 Memoria de actividades e balance económico 2021.

Toma a palabra o Presidente, Juan A. González, para facer a presentación da memoria de actividades do ano 2021.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pechou o ano 2021 cunha base social de 102 concellos e deputacións que apostan pola cooperación internacional como unha ferramenta para construír sociedades máis xustas e equitativas. Un compromiso que se traduce non só no impulso aos proxectos de cooperación internacional, senón tamén en accións de sensibilización dirixidas á veciñanza para implicala na loita contra a pobreza e as desigualdades.

No pasado ano, a apertura progresiva tras os peores momentos da pandemia permitiunos comezar a recuperar a actividade presencial, tan valiosa cando falamos de concienciar sobre outras realidades, aínda que seguimos combinándoa con propostas online, que ofrecen outro tipo de vantaxes para o noso característico traballo en rede. Ao tempo, as os proxectos en Centroamérica, África e Asia foron recuperando o atraso acumulado pola situación da Covid-19, que requiriu flexibilidade para adaptarse a cada contexto.

Deste xeito, o Fondo Galego puido seguir avanzando no cumprimento da Axenda 2030, tanto favorecendo a súa implementación nos municipios como contribuíndo á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos lugares máis desfavorecidos. Son moitos os retos que quedan por diante, pero con este sumamos xa outro ano de solidariedade internacional desde o local.

Un dos fitos máis destacados do 2021 en materia de proxectos de cooperación internacional foi a resolución da convocatoria de proxectos para ONGD, publicada a finais do 2020. Así, o Fondo Galego investiu un total de 194.325,85€ no apoio a accións de cooperación, e concretamente 99.813€ nos catro proxectos que resultaron aprobados a través da convocatoria, resultando beneficiarias as ONGD Amigos da Terra, Agareso, Solidariedade Internacional e Fundación Vicente Ferrer, para desenvolver os proxectos en Nicaragua, El Salvador, Guatemala e India, respectivamente.

A anualidade, fortemente marcada pola continuidade do contexto de pandemia, deu tamén para apoiar tres accións de axuda de emerxencia en Cuba, Guatemala e coa poboación refuxiada Saharauí, e outros tres proxectos de cooperación directa, dous deles en Mozambique e un terceiro en Guinea Bissau. Por tanto, no ano 2021 foron impulsados dez proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento.

Na área de sensibilización e comunicación, as actividades do proxecto europeo ‘People & Planet’ botaron a andar, espertando un grande interese entre os concellos socios. Ademais, unha nova colaboración coa ONGD Solidariedade Internacional de Galicia permitiu avanzar na promoción do comercio xusto. Ao tempo, o convenio coa Xunta de Galicia contribuíu a impulsar a localización da Axenda 2030 a través de planificación, formación e webinars informativos. Tamén continuou a relación de colaboración co Concello da Coruña para o financiamento do concurso de murais “Muros que Unen”.

Como resumo, algunhas das principais actividades de sensibilización realizadas no 2021 foron:

- Consellos Climáticos Xuvenís nos concellos de A Guarda, As Neves e Oleiros.
- Apagón ambiental, levado a cabo por un total de 24 concellos o día 5 de xuño, o Día Mundial do Medio Ambiente.
- Curso online “Localizando a Axenda 2030”, co dobre de solicitudes ao respecto das prazas dispoñibles.
- Plans de implementación dos ODS nos concellos de Barreiros, Fene e Tomiño.
- Ciclo de webinars en torno a Axenda 2030 e a cooperación municipalista.

En canto ao fortalecemento e acción institucional, a visibilización da transparencia na xestión foi un aspecto que acadou especial atención durante o 2021.

Por unha banda, no 2021 foron aprobadas as instrucións de contratación, e por outro lado, adoptouse un novo sistema para o cálculo das cotas.

Así mesmo, o Fondo Galego realizou a solicitude para ser declarada unha entidade de Utilidade Pública, da que se agarda ter resposta positiva nun breve período de tempo.

Do mesmo xeito, o Fondo Galego estivo representada no V Congreso de Educación para a Transformación Social, celebrado durante tres días no mes de novembro na cidade de Vitoria-Gasteiz. A convención, organizada polo Instituto Hegoa, supuxo unha oportunidade de reflexión e construción colectiva sobre os retos da educación para a cidadanía global.

Mais cómpre destacar, tamén en novembro, a participación do Fondo Galego no I Encontro Estatal do Gobernos Locais e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento. Un foro organizado na cidade de Córdoba pola Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade xunto coa FEMP e o Fondo Andaluz de Municipios por la Solidaridad Internacional, no que ademais de ser un espazo para a reflexión e a aprendizaxe sobre a política pública de cooperación ao desenvolvemento serviu para poñer en valor e reivindicar a cooperación realizada desde o local, nun contexto de reforma da cooperación española. Participaron no encontro representantes dos concellos de Ames, Lugo e Nigrán.

E xa por último, os días 25 e 26 de novembro tivo lugar o II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía na cidade de Braga, e no que participaron administracións locais de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Mozambique, Cabo Verde e São Tomé e Príncipe. A delegación galega estivo integrada por representantes de Nigrán, Moaña, Cabanas, Pontedeume e da Deputación de Pontevedra, xunto co subdirector xeral de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriza da Xunta de Galicia, Xosé Lago, que interveu na inauguración.

A memoria de actividades queda aprobada por unanimidade tar non haber ningún comentario sobre a mesma.

Toma a palabra Daniel Fernández, Tesoureiro, para presentar a rendición de contas do ano 2021.

Comeza analizando os datos que aparecen na memoria de actividades e que é un bo resumo do 2021 en materia económica:

- 348.457,85€ de ingresos, 86.000€ máis que na anualidade 2020. Desagreganse do seguinte xeito:

Cotas de entidades socias: 177.527,49 €

Subvencións recibidas: 170.654,804€

Facturas emitidas por prestación de servizos: 266,46€.

Destaca a Subvención Xunta de Galicia en materia de cooperación, por un importe de 20.986,46 €, por supoñer a reactivación das relacións de cooperación entre ambas

entidades en materia de proxectos de cooperación internacional, tras dez anos de parálise.

- 367.398,19€ de gastos, sendo:

O 50,64% para proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento

O 43,18% para actividades de sensibilización, formación e comunicación

O 4,28% para gastos de funcionamento

O 1,89% para actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais

OBTENSE UN DÉFICIT DE: - 18.931,34 €. Sinala que o déficit era esperado, xa que se corresponde co gasto en materia dos proxectos aprobados a través da convocatoria para ONGD de Galicia, para que se realiza un aforro na anualidade anterior.

Continúa tratando o BALANCE DE SITUACIÓN:

Este documento dámos unha imaxe de como é a situación económica do Fondo Galego ao peche do exercicio 2021.

O ACTIVO fai referencia aos bens que posúe o Fondo Galego, tendo en conta as depreciacións e as débedas contraídas coa entidade. O ACTIVO NON CORRENTE fai referencia aos bens intanxibles (como a web ou a plataforma de formación) e tanxibles (como o mobiliario de oficina e os equipos informáticos). O ACTIVO NON CORRENTE ascende a 7.104,18€.

O ACTIVO CORRENTE fai referencia aos bens monetarios que posúe o Fondo Galego. Ascende a 219.961,26€, que se dividen en:

- Débedas contraídas co Fondo Galego por impago de cotas: 16.896,09€. Aparece un listado de Concellos debedores a 31/12/2021, pero a principios do 2022 algúns destes concellos saldaron a débeda co Fondo Galego, quedando só pendente de pago o Concello do Porriño por un importe de 1.472,64€ correspondente á cota 2019. Salientar que a data de hoxe todas as entidades socias do Fondo Galego teñen abonado a cota do 2021, polo que agradece o compromiso coa asociación traducido no cumprimento das obrigas económicas.
- Debedores comerciais e outras contas a cobrar: De salientar que se pechou o ano con unha débeda de 7,36€ á traballadora Carmen Novas, por un erro nun pago. Este erro foi subsanado no primeiro trimestre do 2022. Obsérvase tamén unha devolución pendente de Facenda por un total de 131,60€.
- Ao peche da anualidade as contas bancarias do Fondo Galego contan cun total de 202.940,93€.

En canto ao PASIVO, comezamos falando do PATRIMONIO NETO, que alude ao acumulado de exercicios anteriores. Observamos 189.176,55€ que é a cantidade

acumulada froito dos resultados positivos e negativos ao longo da historia do Fondo Galego. Contabilizase tamén o déficit do exercicio 2021, que ascende a 18.931,34€. Os fondos propios son o resultado das cifras anteriores e ascende a 186.958,38€.

O PASIVO CORRENTE alude ao que debemos ou que está pendente de gastar nesta anualidade. Neste senso, aparecen reflectidos gastos de facturas ou impostos do mes de decembro que foron recibidas en xaneiro. Co cal, non hai nada destacado que comentar xa que responde á normalidade.

En canto á CONTA DE RESULTADOS 2021, destacamos (alén dos ingresos, que xa foron tratados con anterioridade e xa se explicou de onde proveñen):

- 198.341,12€ de axudas monetarias, dos que 6.000€ se corresponden cos premios do concurso de murais e 192.341,12€ coa financiación dos proxectos de emerxencia e cooperación ao desenvolvemento nos países do Sur.
- 53.636,23€ como gasto de Aproxionamento, que fai referencia a servizos contratados, compra de materiais ou pago de honorarios para a realización das actividades previstas.
- 86.349,02€ en gastos de persoal.
- 27.421,31€ en gastos de funcionamento e de realización de actividades.

A modo de conclusión, dáse fe da estabilidade económica da asociación, así mesmo, Daniel Fernández informa de que toda a documentación relativa á contabilidade está dispoñible na oficina técnica e que todas as entidades socias poden acceder a ela, simplemente poñéndose en contacto co persoal técnico da asociación. Así mesmo, para visibilizar a transparencia da asociación, o balance de situación e a conta de resultados estarán dispoñibles na páxina web do Fondo Galego tras a súa aprobación por parte da Asemblea.

Procédese a someter a aprobación por parte da Asemblea a conta de resultados e balance de situación, resultando aprobados por unanimidade.

5 Plan de actividades e orzamento 2022.

Juan A. González toma a palabra para facer a presentación do Plan de actividades 2022.

O ano 2022 está marcado por ser o 25 aniversario do nacemento do Fondo Galego, polo que estamos de parabéns. Todas e todos debemos estar orgullosos de ter contribuído a conformar e afianzar esta asociación da administración local galega que destina os seus esforzos cara a construción dun mundo sen pobreza, sen desigualdades e en paz. Como sociedade, aínda estamos moi lonxe de conseguir estas metas, pero non recuamos no noso propósito e desde o Fondo Galego apostamos por un maior empeño nestes tempos convulsos.

Antes de comezar a falar propiamente do Plan de actividades o Presidente comenta brevemente cal é o contexto xeral no que se atopa a asociación:

FORTALEZAS:

- Maior protagonismo. Participación en redes xunto con outros actores. Cómpre destacar o papel activo do Fondo Galego non só na Confederación de Fondos, senón na Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, o que nos configura como un axente dinamizador e impulsor de novos proxectos e actividades.
- Novas fontes de financiamento/diversificación de fondos. Nos últimos anos véñese traballando na diversificación de fondos, apostando por un compromiso maior daqueles concellos ou administracións que apoian ou respaldan o traballo do Fondo Galego. Como se pode comprobar no orzamento, nesta anualidade o Fondo Galego adquire novos compromisos por parte de concellos galegos, mais tamén da administración central do Estado. Aproveita a ocasión para animar a que os concellos pasen a apoiar directamente proxectos de cooperación que impulsa o Fondo Galego a través da sinatura de convenios de colaboración coa nosa entidade.

DEBILIDADES:

- Estancamento no número de adhesións. O número máximo de entidades socias que acadou o Fondo Galego é de 107. Agora mesmo temos 103 entidades socias. Temos como propósito que no acto de aniversario poidamos celebrar tamén que superamos esa barreira dos 107, para o cal, prégase a colaboración en difundir a aposta do Fondo Galego.
- Visibilización. A visibilización a nivel social e institucional tamén é moi importante e pensamos que ten que ver co punto anterior. Moitos concellos non están adheridos porque non nos coñecen.
- Pendente maior implicación das administracións locais nas accións de cooperación internacional. Detectamos que normalmente as actividades de sensibilización, as que se realizan nos nosos concellos, adquiren un maior interese. Enténdese que o que está máis lonxe resulta descoñecido e non nos apropiamos do mesmo xeito dese traballo. Por tanto, para esta anualidade ideamos algunhas propostas para atallar esta cuestión.

OPORTUNIDADE:

- Nova Lei de Cooperación. Infórmase de que o Fondo Galego ten participado en diversas reunións e achegas ao texto a través da Confederación de Fondos. O texto, que está actualmente en fase de debate, vén a outorgar un maior

recoñecemento á cooperación que se realiza desde as administracións locais, mais tamén afonda no compromiso solidario coa cooperación ao desenvolvemento, establecendo a obrigatoriedade de que todas as administracións estatais acheguen o 0,7% no ano 2030.

E, tras esta breve análise, comeza a falar do Plan de actividades, que, como é costume, está estruturado en tres bloques:

1. Área de fortalecemento e accións institucional
2. Área de sensibilización e comunicación
3. Área de cooperación internacional ao desenvolvemento

Así, dentro da área de fortalecemento e acción institucional destaca as seguintes accións:

- Captación de entidades socias, para o que se manterán reunións cos principais partidos políticos e tamén xuntanzas a nivel provincial coas administracións locais que aínda non son socias do Fondo Galego.
- Conmemoración do 25 aniversario, do que falaremos no punto 7 da orde do día.
- Elaboración de protocolos que regulen aspectos do funcionamento interno da asociación, co fin de gañar en transparencia. Nesta Asemblea presentarase a proposta de Protocolo para a configuración da Comisión Executiva, e tamén traballaremos nesta anualidade as Directrices de cooperación internacional ao desenvolvemento, para o que xa os foi solicitado cubrir unha enquisa online.

Na área de comunicación e sensibilización, reeditaránse as actividades máis demandadas o ano pasado e engadiránse algunhas novas:

- Apoio a sete concellos para elaboración de plans de Implementación dos ODS. Actividade cofinanciada pola Xunta de Galicia. Nos concellos de: Concellos de: A Guarda, As Pontes, Guitiriz, Outes, Nigrán, Verín e Viveiro.
- Curso online 'Localizando a Axenda 2030', que se desenvolve nos meses de abril e maio.
- 5º Certame de Murais arredor dos ODS 'Muros que unen' co Concello da Coruña.
- III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía. Trátase dunha das apostas do Fondo Galego, como entidade impulsora desta iniciativa. A actividade estará cofinanciada pola Xunta de Galicia e pola Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento. Nesta anualidade o Foro terá lugar na cidade caboverdiana de Mindelo, os días 7 e 8 de xullo. Alí, compartiremos experiencias con administracións locais e rexionais de Portugal, Brasil, Cabo verde, Guinea

Bissau, Mozambique e Santo Tomé e Príncipe. Actualmente estamos traballando de xeito participativo na elaboración do programa polo que proximamente poderemos compartilo con vós. Resaltar que nesta terceira edición do Foro preténdese dar un paso máis alá do simple intercambio de experiencias e apostar polo establecemento de relacións de cooperación técnica entre municipios do Norte e do Sur, un reto que precisa do voso compromiso solidario para poder acadalo. O Fondo Galego cubrirá a viaxe de catro representantes do municipalismo galego, mais calquera outro concello poderá participar se ten a oportunidade de cubrir os custos.

- Actividades vinculadas a proxectos de ONGD:

AGARESO: Actividade Xira pola defensa do uso e a xestión dos recursos naturais con enfoque feminista. Concellos de Burela, Cabanas, Cariño, Pontedeume e Tomiño.

SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA: Actividade Non pases palabra, a educación en xogo. Concellos de Ames, Barreiros, Fene e Oleiros.

AMIGOS DA TERRA. Actividade Mulleres do mar. Concello de Vilagarcía de Arousa.

Mana Bhoomi: Actividade A nosa terra, o noso fogar. Deputación de Pontevedra.

E, por último, Juan González menciona as múltiples actividades do proxecto europeo 'People & Planet', especialmente dirixidas á mocidade para concienciar sobre o cambio climático. O proxecto é financiado polo programa DEAR da UE e estaremos executando as actividades do mesmo ata outubro de 2024. Nomeamos as actividades máis relevantes:

- Consello climático asesor xuvenil, que xa está en marcha nos Concellos da Guarda, As Neves, Oleiros e proximamente estará operativo en Teo.
- Obradoiros de debuxo urbano, para o que contaremos co recoñecido debuxante Kiko da Silva. Terá lugar nos concellos de: A Laracha, Boiro, Burela, Carral, Fene, Pontedeume, Santiago de Compostela, Nigrán, Ribeira e Laxe.
- Performance: Nos Concellos de Baños de Molgas, Bergondo, Caldas de Reis, Miño, Moaña, Redondela, Valga, Barreiros, Narón e O Rosal.
- Comunicación de guerrilla. Nos Concellos da Pobra do Caramiñal, Rianxo, Teo, Tomiño, Pontevedra, A Pastoriza, Bergondo, Monforte de Lemos, Nigrán e Pontearreas.
- Cambio climático no prato (obradoiros de cociña coa inclusión de alimentos de quilómetro cero, de tempada e de comercio xusto). Nos Concellos de As Pontes, Ames, Cabanas, Cabana de Bergantiños, Carballo, Cariño, Culleredo, Mugardos, Muros, Outes, San Sadurniño e Viana do Bolo.

- Festival de murais. Nos concellos de Covelo, Guitiriz, Moeche, Narón, O Barco de Valdeorras, Poio, Verín e Viveiro.

Para rematar coa área de sensibilización e comunicación, proxéctase o vídeo creado polo proxecto para sensibilizar sobre o uso sostible da auga e o seu aforro. O anuncio foi emitido na TVG e nas canles de Atresmedia en torno ao día mundial da auga, que se conmemorou o 22 de marzo.

E xa por último, na área de cooperación internacional atopamos:

- Programa Especialistas en Cooperar. Vén as substituír ao anterior “Vacacións con Traballo”. Trátase dun programa de cooperación técnica a través do que persoal técnico dos concellos e deputacións de Galicia poden facer unha estadia de ata un mes de duración para apoiar tecnicamente a algún dos nosos socios en terreo. Requírese, nesta anualidade, a un arquitecto/a, un axente de igualdade de xénero e un/ha técnico/a da área social. As tres prazas serían para Mozambique, para traballar ou ben coa Fundação Encontro ou ben coa Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos. Remata o prazo para presentar solicitudes o próximo día 13, polo que prérgase que se manteña informado ao persoal técnico dos concellos por se houberse persoas interesadas.
- Inicio da cooperación directa coa República Árabe Saharauí Democrática: No mes de febreiro o Presidente participou nunha viaxe aos campamentos saharauís en Tindouf (Alxeria), convidado pola Delegación da República Árabe Saharauí Democrática en Galicia. Esta viaxe, na que tamén participou Carmen Novas, supuxo o inicio da relación de cooperación coa poboación saharauí. Por tanto, foi asinado un convenio de colaboración para un proxecto (NADAFa) de recollida de residuos sólidos na localidade de Bojador. Inicialmente a proposta estaba dotada de 15.000€ de aporte do Fondo Galego ao que se suman 10.000€ máis do Concello de Nigrán. Así mesmo, outras entidades informaron da súa vontade de colaborar coa causa saharauí, como son a Mancomunidade do val Miñor e o Concello de Teo. Recórdase que os concellos interesados poden canalizar a solidariedade co pobo saharauí a través de convenios directos co Fondo Galego.

Por outra parte, o Fondo Galego emitiu unha Declaración Institucional e unha proposta de moción para os concellos sobre a viraxe do goberno central en canto á defensa e recoñecemento dos dereitos do pobo saharauí. Ata o de agora, foron varios os concellos que comunicaron a aprobación da moción nos plenos ou a intención de facelo proximamente. Trataríase dos concellos de Nigrán, Moaña, O Rosal, Teo, Bueu e Oleiros. A cooperación ao desenvolvemento tamén pasa por visibilizar as inxustizas e desigualdades a

nivel global, polo que se anima aos concellos a que se unan a esta moción e outras que poidan xurdir.

Así mesmo, infórmase de que se dará continuidade ás accións habituais nesta área de cooperación:

- Axuda humanitaria ou de emerxencias, ademais da axuda á poboación refuxiada saharauí está previsto un proxecto en Mozambique tras o paso de dous ciclóns no que vai de ano.
- Proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Continuaremos coa segunda fase do proxecto da Fundação Encontro, que foi un compromiso xa adquirido no pasado ano e que conta co Financiamento do Concello de Cambre. Así mesmo, continuarase colaborando coa Rexión de Cacheu, en Guinea Bissau, ao contar co financiamento do Concello de Narón que continúa apostando polo abastecemento de auga nas zonas máis vulnerables do país.
- Convocatoria para ONGD. Contra finais de ano abrirase a convocatoria para proxectos de ONGD con sede ou delegación en Galicia, unha vez teñamos aprobadas as Directrices de Cooperación ao Desenvolvemento. A convocatoria será resolta xa na vindeira anualidade, polo que o maior gasto se vai producir no 2023.
- Misións políticas e técnicas aos campamentos saharauís, Mozambique e Guinea Bissau. No mes de maio terá lugar a misión a Mozambique. A delegación estará conformada por Daniel Fernández (Cartelle), Lúa Sanguñedo (Cambre), Juan González (Nigrán) e Andrea García. No mes de xullo terá lugar a misión a Guinea Bissau. Todas as entidades socias teñen a oportunidade de viaxar nestas misións para coñecer os proxectos que se están executando, polo que pregamos que se alguén ten interese o comunique á maior brevidade posible. Terán preferencia aqueles concellos que manteñen convenios co Fondo Galego para proxectos de cooperación internacional, así como representantes da Comisión Executiva. Nestas misións, ademais de comprobar o traballo realizado neste mandato, que remata o próximo ano, traballaremos no afianzamento das relacións institucionais e na definición das liñas de traballo cara próximas anualidades.

Toma a palabra Daniel Fernández para presentar o orzamento 2022.

Comeza presentando os ingresos previstos:

INGRESOS	IMPORTE
Cotas entidades socias 2022	197.506,61 €

Comisión Europea	101.769,87 €
Convenio Xunta de Galicia	60.000,00 €
Convenio Xunta de Galicia- cooperación	20.000,00 €
Concello da Coruña	20.022,79 €
Concello de Narón	11.000,00 €
Concello de Cambre	15.000,00 €
Concello de Teo	1.500,00 €
Concello de Nigrán	10.000,00 €
Mancomunidade do Val Miñor	20.000,00 €
Convenio Confederación de Fondos-AECID	30.000,00 €
TOTAL INGRESOS	486.799,27 €

En canto aos ingresos, destaca:

- Teremos 123.449,11€ máis que a anualidade anterior case o dobre do orzamento ao respecto do ano 2019, o cal dá unha imaxe bastante clara do fortalecemento da asociación en materia económica.
- Subvencións de diferentes concellos para canalizar a proxectos de cooperación ao desenvolvemento: Narón, Cambre, Teo, Nigrán e a Mancomunidade do Val Miñor. Suman un total de 57.500€.
- Subvención da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, a través dun convenio coa Confederación de Fondos. Esta é a primeira vez que a Axencia Española apoiará directamente accións dos diferentes Fondos de Cooperación e supón unha nova oportunidade.
- Continuidade da subvención da Xunta de Galicia para apoiar un proxecto de cooperación internacional xunto co Fondo Galego.

GASTOS	IMPORTE
ÁREA FUNCIONAMENTO	59.193,59 €
Gastos persoal (1)	47.219,82 €
Xuntanzas da Rede municipalista solidaria	409,59 €
Asemblea Xeral	800,00 €
Viaxes institucionais e participación en Foros	2.500,00 €
Correos, teléfono, internet, web, mensaxería, papelería, etc.	2.000,00 €
Asesoría contable	3.000,00 €
Asesoría xurídica	2.000,00 €
Servizo de prevención riscos laborais	264,18 €
Gastos de desprazamentos e manutención	400,00 €
Comisións bancarias	600,00 €
ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	24.200,00 €
Campaña captación de entidades socias	1.300,00 €
Elaboración de protocolos ou normas de funcionamento interno	0,00 €
Fomento de alianzas estratéxicas	200,00 €
Participación na Confederación de Fondos	2.500,00 €
Acto conmemorativo 25 aniversario	20.200,00 €
ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN	271.708,87 €
Elaboración de 7 Plans de Implementación dos ODS a nivel local	43.197,00 €
Curso online sobre os ODS	3.440,00 €
Axendas 2023	3.000,00 €
Memoria Anual	700,00 €
Concurso de murais "Muros que Unen V"	14.908,48 €

III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía en Cabo Verde	27.854,00 €
Actividade Agareso	3.000,00 €
Actividade Amigos da Terra	3.000,00 €
Actividade Solidariedade Internacional	3.000,00 €
Actividade Vicente Ferrer	3.000,00 €
Materiais comunicación e difusión	650,00 €
Gasto de persoal imputado á área de sensibilización	17.588,97 €
PROXECTO EUROPEO PEOPLE&PLANET	148.370,42 €
ÁREA COOPERACIÓN INTERNACIONAL	128.696,81 €
Proxectos de cooperación directa	35.000,00 €
Axuda de emerxencia/humanitaria	60.000,00 €
Convocatoria de proxectos 2022/2023	8.796,81 €
Especialistas en Cooperar	11.900,00 €
Misións aos proxectos de cooperación	13.000,00 €
IMPREVISTOS	3.000,00 €
TOTAL GASTOS	486.799,27 €

En canto aos **GASTOS**, destacar que:

- O 55,82% será destinado a actividades de sensibilización e comunicación.
- O 26,44% irá destinado a proxectos de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria.
- O 12,16% a gastos de funcionamento.
- E o 4,97% á área de fortalecemento e acción institucional.

O Tesoureiro recorda que na documentación achegada aparecen todos os gastos desagregados por área e actividade, por se houberse algunha dúbida.

A Asemblea Xeral procede a aprobar o Plan de actividades e o orzamento 2022 por unanimidade.

6 Protocolo para a configuración da Comisión executiva.

Juan González comenta que, tras as eleccións municipais ten lugar a configuración da Comisión Executiva do Fondo Galego. Ata o ano 2020 o Igadi era a entidade que conducía este proceso conseguindo o consenso de todas as forzas políticas. Coa súa marcha, vémonos na obriga de establecer un regulamento interno que deixe constancia de cales deben ser os criterios e procedementos a empregar para a configuración da próxima e vindeiras Comisións Executivas da entidade, tratando, deste xeito, de facilitar a súa xestión e dar unha maior transparencia e participación no proceso.

O Protocolo foi redactado en consonancia cos Estatutos da asociación, complementando ou desenvolvendo cuestións que aparecen recollidos nos mesmos.

Cómpre facer fincapé, nos criterios establecidos para a configuración da comisión executiva, que aparecen na páxina 2 do documento. A maior parte dos mesmos xa se viñan aplicando, mais cómpre formalizar a adopción destes criterios:

1. Representación proporcional das forzas políticas maioritarias con presenza nos órganos de goberno das entidades socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Así mesmo, será incorporada unha administración local que conte cun goberno dun partido político de carácter local ou comarcal.
2. A Presidencia da Comisión Executiva estará ocupada por unha entidade gobernada polo partido político que sexa a forza política con maior representación entre as entidades socias do Fondo Galego.
3. A Vicepresidencia da Comisión Executiva estará ocupada por unha entidade gobernada polo partido político que sexa a segunda forza política con maior representación entre as entidades socias do Fondo Galego.
4. A lo menos un dos dous cargos, ou ben o da Secretaría, ou ben o da Tesourería, estarán ocupados por unha entidade gobernada por un partido político diferente ás dúas forzas maioritarias entre as entidades socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
5. Representación das catro provincias.
6. Representación de administracións locais con maior e menor número de habitantes, incorporando, como mínimo, unha entidade con menos de 10.000 habitantes, unha entidade de entre 20.000 e 50.000 habitantes e unha cidade ou deputación provincial.

7. Representación de entidades tanto de costa como de interior, cando menos unha entidade por casuística, co obxecto de garantir a consideración de ambas realidades na xestión de actividades e na adopción de decisións.

8. Representación paritaria en canto ao xénero. Debido a que o número de integrantes da Comisión Executiva é un número impar (nove), establécese unha porcentaxe de participación mínima para as mulleres, que debe acadar unha cota do 40%.

9. Participación de entidades integradas na Comisión Executiva saínte. Idealmente, a renovación da Comisión Executiva incluírá entidades que veñen de participar na mesma no mandato anterior mais novas entidades que se incorporan a este órgano, tratando así de dar continuidade ao traballo desenvolvido e de aproveitar as aprendizaxes adquiridas.

10. As entidades que conforman a Comisión Executiva saínte poden renovar os cargos en mandatos consecutivos, sen establecer límites.

Establécense uns requisitos para entrar a formar parte da Comisión Executiva:

- Estar ao corrente do pago das cotas e non ter débedas coa asociación.
- Contar cun mínimo de dous anos de pertenza ininterrompida no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Non ter incumplido de forma grave e reiterada as obrigas establecidas no artigo 29 dos Estatutos.

Tamén se establece a formación e acompañamento das persoas que sexan nomeadas por primeira vez, así como o mecanismo de solicitude, a través dun formulario que debe enviarse no prazo de 75 días naturais tras terse celebrados as eleccións.

Juan González anima a participar na Comisión executiva do Fondo Galego, destacando que é un traballo que implica un compromiso, mais que é satisfactorio, e que o equipo técnico facilita todas as cuestións.

Tras someter o documento á aprobación da Asemblea, queda aprobado por unanimidade.

7 Acto do 25 aniversario.

O acto conmemorativo terá lugar, previsiblemente o mércores 26 de outubro, en xornada de tarde, na cidade de Lugo. O acto enmarcaríase nun evento moito máis amplo, con incidencia a nivel estatal e auspiciado pola Confederación de Fondos.

O evento terá un carácter emotivo e desenfadado sen perder o obxectivo de sensibilizar sobre as desigualdades a nivel global e dar a coñecer o traballo do Fondo Galego.

Podemos adiantar algunhas accións que se van realizar durante o evento:

- Intervencións institucionais.
- Recoñecemento ás persoas que presidiron a entidades ao longo dos 25 anos
- Recoñecemento ás persoas e entidades que formaron parte das diferentes Comisións Executivas nestes 25 anos
- Actuación musical
- Cóctel para as persoas asistentes

Son benvidas todas as ideas ou propostas que nos fagades chegar en canto a esta celebración, da que debemos apropiarnos desde cada un dos concellos e deputacións integrados no Fondo Galego.

O Presidente agradece de antemán que poidades reservar non só a data do 26 de outubro, senón tamén o xoves 27 e venres 28, para asistir a este evento con impacto a nivel estatal.

8 Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 11:15h.

Juan González
Presidente

Luísa Feijóo
Secretaria



fondo
galego



de cooperación e solidariedade

MEM-
ORIA
20
21



Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Sede do Fondo Galego: FEGAMP. Área Central, Rúa Varsovia, 4C - 6º, 15703 Santiago de Compostela / Tif. +34 981 555 999 / Fax +34 981 565 203

Oficina Técnica do Fondo Galego: Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40 - 36003 Pontevedra / Tif. +34 986 84 34 36 ~ +34 698 144 536
info@fondogalego.gal

Tiraxe: 350

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A

Deseño gráfico e diagramación: BREO.gal

Fotografías: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade


Depósito legal: Vg. 276-2014



O FONDO GALEGO

Traballo en rede

O Fondo Galego de Cooperación e solidariedade pechou o ano 2021 cunha base social de **102 concellos e deputacións** que avogan polo cumprimento dos Dereitos Humanos e polo desenvolvemento dos países do Sur Global. Un compromiso que se traduce non só no impulso aos proxectos de cooperación internacional, senón tamén en accións de sensibilización dirixidas á veciñanza para implicala na loita contra a pobreza e as desigualdades.



A apertura progresiva tras os peores momentos da pandemia permitiunos comezar a recuperar a actividade presencial, tan valiosa cando falamos de concienciar sobre outras realidades, aínda que seguimos combinándoa con propostas online, que ofrecen outro tipo de vantaxes para o noso característico traballo en rede. Ao tempo, as **actuacións en Centroamérica, África e Asia** foron recuperando o atraso acumulado pola situación da Covid-19, que requiriu flexibilidade para adaptarse a cada contexto.

Deste xeito, o Fondo Galego puido seguir avanzando no cumprimento da Axenda 2030, tanto favorecendo a súa implementación nos municipios como contribuíndo á consecución dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** nos lugares máis desfavorecidos. Son moitos os retos que quedan por diante, pero con este sumamos xa outro ano de solidariedade internacional desde o local. Seguimos!

COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Proxectos nos países do Sur

Un dos fitos máis destacados do 2021 en materia de proxectos de cooperación internacional foi a resolución da convocatoria de proxectos para ONGD, publicada a finais do 2020. Así, o Fondo Galego investiu un total de 194.325,85€ no apoio a accións de cooperación, e concretamente 99.813€ nos catro proxectos que resultaron aprobados a través da convocatoria, resultando beneficiarias as ONGD Amigos da Terra, Agareso, Solidariedade Internacional e Fundación Vicente Ferrer, para desenvolver os proxectos en Nicaragua, El Salvador, Guatemala e India, respectivamente.

A anualidade, fortemente marcada pola continuidade do contexto de pandemia, deu tamén para apoiar tres accións de axuda de emerxencia en Cuba, Guatemala e coa poboación refuxiada Saharauí, e outros tres proxectos de cooperación directa, dous deles en Mozambique e un terceiro en Guinea Bissau.



Acceso ao dereito a unha vivenda e saneamento para 34 familias rurais desfavorecidas no distrito de Kurnool (India)

ONGD galega: Fundación Vicente Ferrer ~ **Parceiro local:** Rural Development Trust (RDT) ~ **Actividades:** Construción de 34 vivendas co respectivo baño con latrina, sensibilización sobre a importancia da hixiene e saneamento, realización de murais sobre a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres ~ **Grupo beneficiario:** 169 persoas ~ **Axuda concedida:** 25.000€



Dereito á educación para as comunidades indíxenas Ch'orti' da Rexión VII de Jocotán, Chiquimula (Guatemala)

ONGD galega: Solidariedade Internacional de Galicia
Parceiro local: Asociación para el Mejoramiento Habitacional de Guatemala (MejorHa) ~ **Actividades:** Construción e equipamento dunha aula educativa (incluíndo sistema fotovoltaico, un módulo sanitario e un sistema de captación e almacenamento de auga), impulso dun sistema de educación a distancia que permita ás comunidades locais o acceso ao nivel educativo medio ~ **Grupo beneficiario:** 238 persoas ~ **Axuda concedida:** 25.000€



Apoio para a reconstrución e rehabilitación de vivendas de 25 familias damnificadas pola tormenta ETA e IOTA na comunidade de Chibut, no municipio de Carcha Alta Verapaz (Guatemala)

Parceiro local: Pastoral social Cáritas- Diócesis de La Verapaz ~ **Actividades:** reconstrución de 25 vivendas. Grupo beneficiario: 96 persoas ~ **Axuda concedida:** 8.934,52€




Adquisición de xiringas para vacinación Covid do ensaio de intervención comunitario da cidade de La Habana (Cuba)

ONGD galega: Sodepaz ~ **Parceiro local:** Ministerio de Salud Cuba ~ **Actividades:** Adquisición e envío de xiringas ~ **Grupo beneficiario:** 55.000 persoas ~ **Axuda concedida:** 5.000€



Mulleres lideresas pola defensa e pola sostibilidade ambiental no Departamento de Cuslatán (El Salvador)

ONGD galega: Agareso ~ **Parceiro local:** Asociación Colectiva de Mujeres para el Desarrollo Local (CFDL) ~ **Actividades:** Formación de 75 mulleres en dereitos ambientais e mecanismos comunitarios de participación e defensa dos nosos dereitos, formación en comunicación comunitaria para 25 mulleres ambientalistas e fortalecemento de medios de comunicación comunitarios dos 3 municipios que envolve o proxecto ~ **Grupo beneficiario:** 200 persoas ~ **Axuda concedida:** 24.813,71€



Fortalecemento produtivo e participación efectiva de 9 cooperativas pesqueiras para a mellora da xestión pública no Departamento de Chinandega (Nicaragua)

ONGD galega: Amigos da Terra ~ **Parceiro local:** Fundación Luchadores Integrados al Desarrollo de la Región (LÍDER) ~ **Actividades:** Apoio a 9 cooperativas pesqueiras do Golfo de Fonseca para o cultivo de pargo lunarejo (un peixe de consumo local) en gaiolas flotantes, así como mellorar a xestión pública no sector acuícola-pesqueiro procurando sinerxías coa municipalidade ~ **Grupo beneficiario:** 116 persoas ~ **Axuda concedida:** 25.000€



Caravana de axuda alimentaria para a poboación saharauí

ONGD galega: Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) ~ **Parceiro local:** Media Luna Roja Saharaui ~ **Actividades:** Envío de alimentos e menciñas aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís en Tindouf ~ **Grupo beneficiario:** persoas refuxiadas en Tindouf ~ **Axuda concedida:** 4.000€



Apoio á obtención de auga potable na Illa de Pecixe, comunidade de Cassaca (Guinea-Bissau)

Parceiro local: Goberno Rexional de Cacheu ~ **Actividades:** Construción dun pozo de auga con depósito de 4.000 litros, motobomba, sistema de paneis solares e canalización, así como a preparación do sistema de xestión do pozo, no que participará a comunidade ~ **Grupo beneficiario:** 500 persoas ~ **Axuda concedida:** 10.015,27€




Promoción dos dereitos das crianzas dos distritos de Boane e Namaacha (Mozambique)

Parceiro local: Fundação Encontro ~ **Actividades:** Funcionamento de 4 escolas infantís, alimentación para o alumnado, elaboración de diagnose de xénero para garantir a educación en igualdade nos catro centros, así como a sensibilización ás comunidades ~ **Grupo beneficiario:** 1.042 persoas ~ **Axuda concedida:** 15.000€



Construción de vivendas resilientes fronte ao cambio climático en Mozambique

Parceiro local: Asociación Nacional de Municipios de Mozambique (ANAMM) ~ **Actividades:** construción de catro vivendas resilientes para catro familias damnificadas polo paso dos ciclóns Chalane, Eloise e Guambe no municipio de Boane, formación do persoal técnico do municipio de Boane en construción de infraestruturas resilientes, sensibilización á poboación sobre os perigos de construír en lugares pouco seguros ~ **Grupo beneficiario:** 162 persoas ~ **Axuda concedida:** 41.973,12€ ~ **Achega da Xunta de Galicia a través de convenio de colaboración:** 20.986,56 €



SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN

Educación para unha cidadanía global

As actividades do proxecto europeo 'People & Planet' botaron a andar en 2021, despertando un grande interese entre os concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Ademais, unha nova colaboración coa ONGD Solidariedade Internacional de Galicia permitiu avanzar na promoción do comercio xusto. Ao tempo, o convenio coa Xunta de Galicia contribuíu a impulsar a localización da Axenda 2030 a través de planificación, formación e webinars informativos.

www.fondogalego.gal > Sensibilización

People & Planet: Un destino común



Concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable é o obxectivo do proxecto 'People & Planet: Un destino común', financiado polo programa DEAR da UE. A iniciativa, que envolve a 19 entidades de oito Estados membros e de Cabo Verde, busca tamén reforzar aos gobernos municipais na promoción de políticas públicas a prol do desenvolvemento sostible, tendo en conta a interdependencia local-global. No primeiro dos catro anos de implementación sentáronse as bases para desenvolver máis de 50 actividades nos concellos socios do Fondo Galego e executáronse as primeiras.

Enquisa sobre cambio climático



Unha das primeiras accións do proxecto consistiu en indagar sobre as preocupacións da xente nova arredor da emerxencia climática a través dunha enquisa online que acadou 752 respostas, a segunda cifra máis alta de todos os países participantes. A análise dos resultados permitirá non só coñecer os hábitos da mocidade, senón tamén canalizar as súas inquedanzas para orientar as actividades de People & Planet e atopar solucións compartidas a estes retos globais.

A implicación directa das mozas e mozos nos problemas ambientais dos municipios e na súa resolución é chave neste proxecto, polo que a mediados de ano os concellos da Guarda, As Neves e Oleiros puxeron en marcha cadanseu Consello Climático Asesor Xuvenil. A cooperativa Dálle que Dálle dinamiza as xuntanzas mensuais, que frutifican na organización de actividades e en recomendacións para o goberno local. Do proceso resultará ademais unha guía sobre estilos de vida sustentables.

Consellos Climáticos Xuvenís



Apagón ambiental



Un total de 24 concellos socios do Fondo Galego uníronse o 5 de xuño ao "apagón" convocado con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente. A partir das 23 horas, suspendeuse a iluminación pública de consistorios, prazas, igrexas, torres e outros monumentos co fin de concienciar sobre o consumo enerxético. Ao tempo, aproveitouse para difundir as medidas que tanto as institucións como a cidadanía poden tomar para fomentar o aforro de enerxía e evitar así o impacto ambiental que supón produci-la.

Ciclo de webinars



O ciclo de webinars 'A Axenda 2030 na cooperación municipalista' propiciou o achegamento entre as deputacións e concellos socios do Fondo Galego e os nosos parceiros nos países do Sur Global ou outras entidades de interese para o troco de experiencias en torno aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. As sesións xiraron arredor da planificación estratéxica a prol da Axenda 2030, incluíndo exemplos de boas prácticas en distintos países, e mais dos ODS 4, 5, 6 e 7, tomando como referencia os proxectos de cooperación en curso.

A alta demanda colleitada na primeira edición do curso 'Localizando a Axenda 2030: O papel clave dos municipios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible', levou ao Fondo Galego a ofertar unha segunda convocatoria a través da súa plataforma de teleformación. Rexistráronse corenta solicitudes, das que foron admitidas a metade. A formación virtual prolongouse durante os meses de abril e maio, con profesorado especialista que facilitou tanto a documentación dos catro módulos como as sesións de videoconferencia.

Curso 'Localizando a Axenda 2030'



O IV Certame de murais arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 'Muros que unen', financiado polo Concello da Coruña, recibiu nesta ocasión 34 obras de 33 artistas. O colectivo Paisajistas, Miguel Méndez 'Avión' e Carmen Seijas gañaron o concurso coas obras 'Calma' (ODS 3), 'Uns bos cimentos non teñen prezo' (ODS 4) e 'O círculo' (ODS 5), pois tratábase de promover a saúde e o benestar, a educación de calidade e a igualdade de xénero. Os deseños plasmáronse no CEIP Concepción Arenal para convidar a reflexión sobre estas temáticas.

Certame 'Muros que unen IV'



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade colaborou na iniciativa #AquíAcoláoXusto da ONGD Solidariedade Internacional de Galicia facilitando a participación de cinco concellos socios nun proxecto de financiación autonómica para promover o comercio xusto, a compra pública ética e, en xeral, o consumo responsable. O proxecto materializouse na obra teatral 'Vaia Tea', que convida a reflexionar sobre o consumo de roupa a través do humor, e a feira 'Comercio con Sentido', sobre a produción e comercialización do café, o cacao e o azucre. As actividades realizáronse nos municipios de Burela, Fene, Moaña, Pontecesures e Viveiro, que participaron nun encontro virtual con persoas expertas e entidades do Sur.

Comercio xusto



Plans de implementación dos ODS



Tras a experiencia piloto do ano anterior, o Fondo Galego continuou apoiando o proceso de localización da Axenda 2030 nos concellos socios ao promover a elaboración doutros tres plans para a implementación dos ODS en municipios de ata 15.000 habitantes. Dos oito que solicitaron asesoramento especializado, Barreiros, Fene e Tomiño resultaron finalmente beneficiados. Da man da consultora Arabás, nos dous primeiros casos, e de Icsem, no terceiro, realizouse o diagnóstico inicial e mais o documento final de planificación.

Do mesmo xeito, a nosa asociación municipalista estivo representada no **V Congreso de Educación para a Transformación Social**, celebrado durante tres días no mes de novembro na cidade de Vitoria-Gasteiz. A convención, organizada polo Instituto He-go, supuxo unha oportunidade de reflexión e construción colectiva sobre os retos da educación para a cidadanía global.

Mais cómpre destacar, tamén en novembro, a participación do Fondo Galego no **Encontro Estatal do Gobernos Locais e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento**. Un foro organizado pola Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade xunto coa FEMP, o Fondo Andaluz de Municipios por la Solidaridad Internacional e co financiamento da Dirección General de Políticas de Desarrollo Sostenible. O encontro, realizado de xeito presencial na cidade de Córdoba, erixiuse nun espazo para a reflexión e a aprendizaxe sobre a política pública de cooperación ao desenvolvemento realizada desde as administracións locais, mais tamén para poñer en valor e reivindicar esa cooperación realizada desde o local, nun contexto de reforma da cooperación española. Así, representantes dos concellos de Ames, Lugo e Nigrán viaxaron a Córdoba para compartir as súas iniciativas no marco da cooperación ao desenvolvemento, mais tamén para visibilizar e resaltar o traballo realizado polos Fondos de cooperación, concretamente do Fondo Galego.



Compartimos!

Aludindo ao ODS 17 da Axenda 2030, “alianzas para acadar os Obxectivos”, o Fondo Galego aposta por potenciar o traballo conxunto, en sintonía e coordinación con outros axentes implicados na cooperación ao desenvolvemento, co fin de atopar sinerxías e traballar con maior eficacia para lograr metas comúns. Así, durante o 2021 o Fondo Galego fomentou a alianza coas seguintes entidades:

- **Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade:** O Fondo Galego ocupa actualmente a Vicepresidencia. A unión e traballo conxunto dos nove Fondos existentes a nivel estatal resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista no contexto de reforma da cooperación española.

- **Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS:** Autoridades locais de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Mozambique, Cabo Verde ou São Tomé e Príncipe participaron os días 25 e 26 de novembro no II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, que non puido celebrarse en 2020 por mor da pandemia. ‘A localización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible tras a Covid-19: unha mirada desde o xénero’ foi o título desta edición, organizada polo Fondo Galego co apoio da Xunta de Galicia e en colaboración coa Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA). O encontro, convocado arredor do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, desenvolveuse nunha dobre modalidade: virtual a través de videoconferencia e presencial no Altice Forum Braga (Portugal). As consecuencias do coronavirus sobre as comunidades locais, os retos do municipalismo perante o cambio climático, a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e nenas ou ruralismo e ODS foron algúns dos temas que centraron as mesas de debate. A delegación galega estivo integrada por representantes de Nigrán, Moaña, Cabanas, Pontedeume e da Deputación de Pontevedra, xunto co subdirector xeral de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriça da Xunta de Galicia, Xosé Lago, que interveu na inauguración.



INFORME ECONÓMICO

As contas claras

A anualidade 2021 reflicte novamente a **estabilidade da asociación municipalista en materia económica, cun incremento dun 33% nos ingresos ao respecto do ano anterior**. Alén dos ingresos que se acadan a través das cotas sociais, destacan os convenios asinados coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia para a realización de actividades de sensibilización en Galicia, mais outro para o cofinanciamento dun proxecto de cooperación internacional en Mozambique. Tamén o convenio asinado co Concello da Coruña para o desenvolvemento do concurso de murais 'Muros que Unen', e os ingresos procedentes da subvención da Comisión Europea, para a realización de actividades de sensibilización medioambiental en Galicia dentro do proxecto People & Planet.


Debido a que os recursos económicos xestionados polo Fondo Galego son na súa totalidade de orixe pública, é esencial dar conta rigorosamente da aplicación dos mesmos para protexer a boa xestión. Por este motivo, a Comisión Executiva, co apoio dunha asesoría externa, fai un seguimento continuado da aplicación dos fondos.

Pero, ademais, calquera administración local ou a propia cidadanía pode ter información sobre a xestión do Fondo Galego a través da páxina web ou contactando directamente coa nosa entidade.

En canto a transparencia, desde o ano 2017 a entidade vese afectada pola Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostemento Financeiro (BOE nº240 de 5/10/2012), pola que se establece a obriga de remitir ao Ministerio de Facenda e Administración Pública información de carácter económico-financiero e de gastos de persoal. Deste xeito, o Fondo Galego rende contas de xeito mensual e trimestral ao Ministerio de Facenda que controla as posibles desviacións.



- **Cotas entidades socias:**
177.527,49 €
- **Subvención Xunta de Galicia sensibilización:**
60.000,00 €
- **Subvención Xunta de Galicia cooperación:**
20.986,46 €
- **Subvención Concello da Coruña:**
20.022,79 €
- **Subvención Comisión Europea:**
69.654,55 €
- **Prestación de servizos:**
266,46 €



- O **50,64%** para proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento
- O **43,18%** para actividades de sensibilización, formación e comunicación
- O **4,28%** para gastos de funcionamento
- O **1,89%** para actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais

DÉFICIT 2021:
- 18.931,34 €





www.fondogalego.gal



comunicacion@fondogalego.gal

Tel. 986 843 436 ~ 698 144 536

Centro Cívico Sur ~ R. Luís Braille 40, 36003 Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega



CONFEDERACIÓN
Fondos de Cooperación e Solidariedade



AXENDA
2030

Balance de Situación

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

1

Fecha listado

17/01/2022

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

ACTIVO

2021

A) ACTIVO NO CORRIENTE		7.104,18
I. Inmovilizado intangible		2.165,38
20600001	WEB FONDO GALEGO.ORG	2.175,82
20600002	PLATAFORMA MOODLE CAMPUS	1.452,00
28060001	AMORT ACUM WEB FONDOGALEGO.	-1.024,06
28060002	AMORT ACUM PLATAFORMA MOODL	-438,38
III. Inmovilizado material		4.938,80
21500000	OTRAS INSTALACIONES	3.351,70
21700001	ORDENADOR INTEL I3 540 25 11	719,00
21700002	PORTATIL DELL LATITUDE+OFFICE	1.492,90
21900001	FOTOCOPIADORA SHARP 09 02 10	2.640,00
21900002	ENCADERNADORA PULSAR 29 10 10	157,92
21900003	CAMARA SAMSUNG 19 05 11	150,97
21900004	DESTRUCTORA AUTOMATICA	240,79
21900005	FAIRPHONE 3+ MAS ACCESORIOS	1.139,55
28150000	AMORT.ACUM.DE OTRAS INSTAL.	-1.013,71
28170001	A.A. ORDENADOR INTEL I3	-719,00
28170002	AMORT ACUM PORTATIL DELL LATIT	-72,60
28190001	A.A. FOTOCOPIADORA SHARP	-2.640,00
28190002	A.A. ENCADERNADORA PULSAR	-157,92
28190003	A.A. CAMARA SAMSUNG	-150,97
28190004	AMORT ACUM DESTRUCTORA AUTOM	-104,61
28190005	AMORT ACUM FAIRPHONE 3+ MAS A	-95,22
B) ACTIVO CORRIENTE		219.961,26
II. Usuarios y otros deudores de la act.propia		16.896,09
44800006	CONCELLO DE PORRIÑO	1.472,64
44800035	CONCELLO DE CAMBRE	15.000,00
44800043	CONCELLO DE CUNTIS	423,45
44860000	PATROC. AFILIADOS DUDOSO COBRO	2.129,53
49530000	DETER.DE VAL.DE PATROC.Y AFIL.	-2.129,53
III. Deudores comerciales y otras ctas.a cobrar		124,24
44000001	NOVAS FERRADAS CARMEN	-7,36
47300000	HACIENDA PUB.RETEN.PAGOS CTA.	131,60
VII. Efectivo otros activos líquidos equivalen		202.940,93
57200001	ABANCA 40004276	69.553,17
57200002	ABANCA 40016786	133.387,76
TOTAL ACTIVO (A + B)		227.065,44

Balance de Situación

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO	Página 2
Observaciones	Fecha listado 17/01/2022
	Período De Enero a Diciembre

PASIVO		2021
A) PATRIMONIO NETO		189.176,55
A-1) Fondos propios		186.958,38
I. Dotación Fundacional/Fondo social		205.889,72
1. Dotación fundacional/Fondo social		205.889,72
10100000 FONDO SOCIAL		205.889,72
II. Reservas		
III. Excedentes de ejercicios anteriores		
IV. Excedente del ejercicio		-18.931,34
A-2) Subvenciones, donaciones legados recibidos		2.218,17
13040001 SUBV.PROYECTO EUROPEO SUBV.21		2.218,17
C) PASIVO CORRIENTE		37.888,89
II. Deudas a corto plazo		31.185,22
3. Otras deudas a corto plazo		31.185,22
52240001 COMISION EUROPEA		31.185,22
IV. Beneficiarios-Acreedores		
V. Acreedores comerciales y otras ctas.a pagar		6.703,67
1. Proveedores		37,27
40000017 INDUSTRIAS PROA SA		37,27
2. Otros acreedores		6.666,40
41000001 COURIER PONTEVEDRA, S.L.		17,33
41000002 ALGALIA S COOP GALEGA		227,23
41000012 VIAJES ABRA MAR SA		228,98
41000022 SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TEL		606,93
41000025 R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNI		86,53
41000032 EUROBRIK SL		43,56
47500000 HACIENDA PUB.ACREEORA POR IVA		4,20
47510000 HACIENDA PUB.ACREE.RETEN.PRACT		3.360,02
47600000 ORG.DE LA SEG.SOCIAL,ACRE.		2.091,62
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)		227.065,44

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

1

Fecha listado

17/01/2022

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

2021

A) EXCEDENTE DEL EJERCICIO

1. Ing.de la actividad propia 348.191,39

a) Cuotas de asociados y afiliados 177.527,49

72000001 COTAS ANUAIS 177.527,49

d) Subv.donac y legados imput.exc ejerc 170.663,90

74000001 SUBV.XUNTA-VICEPRES-VCT 20.986,56

74000002 XUNTA DE GALICIA-AXENDA 2030 60.000,00

74020001 CONCELLO CORUÑA 20.022,79

74040001 CE-PROXECTO COMISION EUROPEA 69.654,55

2. Ventas y otros ingr de la activ mercantil 266,46

70500000 PRESTACIONES DE SERVICIOS 266,46

3. Gastos por ayudas y otros -198.341,12

a) Ayudas monetarias -198.341,12

65010000 AYUDAS MONETARIAS INDIVIDUALES -6.000,00

65040000 AYU.MON.COOPERACIÓN INTERNACIO -192.341,12

6. Aprovisionamientos -53.636,23

60200001 COMPRAS PARA REALIZ ACTIVIDADE -1.042,38

60700000 TRAB.REALIZADOS POR OTRAS ENT. -17.529,66

60700002 SERVICIOS ACTIVIDADES -31.239,81

60700003 SERVICIOS DISEÑOS E INFORMATICO -1.529,73

60700004 SERVICIOS FORMADORES -2.294,65

8. Gastos de personal -86.349,02

64000000 SUELDOS Y SALARIOS -65.454,98

64200000 SEG.SOCIAL A CARGO DE LA ENT. -20.894,04

9. Otros gastos de la actividad -27.421,31

62100000 ARRENDAMIENTOS Y CÁNONES -153,06

62100001 RENTING IMPRESORA HP LASERJET -77,02

62200000 REPARACIONES Y CONSERVACIÓN -429,54

62200001 RENOVACIONES WEB -1.681,11

62500000 PRIMAS DE SEGUROS -904,41

62600000 SERV.BANCARIOS Y SIMILARES -685,92

62700000 PUBLI.PROPAGANDA Y RELAC.PUB. -6.058,01

62800001 SUMINISTRO TELEFONO E INTERNET -930,13

62900000 OTROS SERVICIOS -264,18

62900001 GASTOS MENSAXERIA E CORREOS -1.267,96

62900002 SERVICIOS ASESORIA FISCAL CONT -4.153,89

62900003 GASTOS DESPRAZAMENTOS -2.126,94

62900004 CUOTAS E INSCRIPCIONS -2.575,00

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

2

Fecha listado

17/01/2022

Período

De Enero a Diciembre

Observaciones

2021

62900005	SERVIZOS XURIDICOS	-2.288,72
62900006	GASTOS FOTOCOPIAS E REPRODUCCI	-502,66
62900008	MATERIAL DE OFICIÑA E INFORMAT	-632,62
62900009	SERVIZOS LIMPEZA	-522,72
62900010	GASTOS FORMACION	-1.128,00
63100001	TASAS OFICIAIS	-78,20
69400000	PÉRD.DETER.CRÉD.OPER.ACT.	-961,22
10.	Amortización del inmovilizado	-1.622,54
68000000	AMORT.DEL INMOV.INTANGIBLE	-1.081,02
68100000	AMORT.DEL INMOV.MATERIAL	-541,52
11.	Subv,donac,legados capital trasp al exced ej	151,04
74540001	SUBV.PROYECTO EUROPEO SUBV.21	151,04
14.	Otros resultados	-170,01
67800000	GASTOS EXCEPCIONALES	-170,01
A.1)	EXCED ACTiv(1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13	-18.931,34
A.3)	EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)	-18.931,34
A.4)	VAR.PATR NETO RECONOC EN EL EXCED EJ(A.	-18.931,34



PLAN DE ACTIVIDADES 2022

25 anos de cooperación, 25 anos de solidariedade

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E
SOLIDARIEDADE





ÍNDICE

1. PLAN DE FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL
2. PLAN SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN
3. PLAN PROXECTOS DE COOPERACIÓN
4. ORZAMENTO

1. PLAN DE FORTALECIMIENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL

➤ OBXECTIVOS A TRABALLAR

OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E A SÚA IMPLICACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

OBXECTIVO 2: VISIBILIZAR E FOMENTAR OS PROCESOS DE TRANSPARENCIA DA ASOCIACIÓN

OBXECTIVO 3: FOMENTO DE ALIANZAS ESTRATÉXICAS

✚ ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E A SÚA IMPLICACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

ACTIVIDADE 1.1: Campaña de captación de entidades sociais

A estratexia a seguir no 2022 para conseguir a adhesión de novos concellos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pasa por establecer unha alianza cos principais partidos políticos con representación municipal. Deste xeito, procurarase a súa colaboración para trasladar a todos os concellos galegos que aínda non forman parte da nosa entidade os obxectivos e actividades da asociación municipalista, en vista de sensibilizalos fronte ao relevante papel que poden ter os municipios no eido da cooperación ao desenvolvemento.

Por tanto, serán realizadas reunións a nivel provincial con representantes das tres forzas políticas maioritarias, para logo despois convocar, tamén a nivel provincial, a todas as administracións locais non socias co obxectivo de dar a coñecer o Fondo Galego e animalas a formar parte do mesmo.

Orzamento: 1.300€

Desprazamento reunións: 600,00 €

Elementos visibilización: 200,00 €

Petiscos: 500,00 €

✚ ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 2: VISIBILIZAR E FOMENTAR OS PROCESOS DE TRANSPARENCIA DA ASOCIACIÓN

ACTIVIDADE 2.1: Elaboración de protocolos

Co obxectivo de gañar en transparencia, propónse a elaboración de protocolos que regulen aspectos do funcionamento interno da asociación. No 2022 traballarase o protocolo de configuración da Comisión Executiva, así como as directrices para a área



de cooperación internacional para o desenvolvemento. Ditos protocolos serán sometidos a debate e aprobación por parte da Asemblea Xeral, para posteriormente ser pendurados na páxina web.

Orzamento: incluído nos gastos de persoal e de asesoría xurídica.

ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBOXECTIVO 3: FOMENTO DE ALIANZAS ESTRATÉXICAS

ACTIVIDADE 3.1: Fomento de alianzas estratéxicas

O Fondo Galego mantén unha relación de colaboración coa FEGAMP desde o ano 1998, que se materializou a través da sinatura de convenios entre as partes. O último con data do ano 2014. Por tanto, co obxectivo de procurar mellorar a sinerxía entre as partes, buscarase actualizar e renovar a alianza entre ambas asociacións municipalistas para favorecer a consecución dos obxectivos de ambas entidades.

Por outra parte, serán realizadas reunións con outras entidades claves no sistema galego de cooperación ao desenvolvemento, como a Xunta de Galicia, Coordinadora galega de ONGD e outras entidades.

Orzamento: 200,00 €

Desprazamento reunións: 200,00 €

ACTIVIDADE 3.2: Participación na Confederación de Fondos

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pasou a ocupar a Vicepresidencia da Confederación de Fondos a principios do 2020. A unión e traballo conxunto dos nove Fondos existentes a nivel estatal resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista, nun momento de reforma da Lei de cooperación a nivel estatal que introducirá cambios importantes a nivel operativo. Así mesmo, desde a Confederación promóvense actividades conxuntas de interese para a cooperación municipalista.

Orzamento: 2.500,00 €

Cota 2022: 2.500,00 €

ACTIVIDADE 3.2: Conmemoración do 25 aniversario

No 2022 celébranse os 25 anos do xurdimento do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, polo que está previsto celebrar un gran acto central, no que sexan partícipes e convidadas, todas as administracións locais socias da entidade, xunto coas ONGD, Xunta de Galicia, FEGAMP, partidos políticos, e demais actores de relevancia no sistema galego de cooperación.

Orzamento: 20.200,00 €

Materiais visibilización: 1.500,00 €

Catering: 5.000,00 €

Asistencia técnica son e imaxe: 3.000,00 €



Actuación música en directo: 3.000,00 €

Agasallos: 1.500,00 €

Condución do evento: 1.200,00 €

Vídeos conmemorativos: 5.000,00 €

2. PLAN DE SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN

➤ **OBXECTIVO E ACTIVIDADES**

OBXECTIVO 4: FORMAR, INFORMAR E VISIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓN S LOCAIS GALEGAS

✚ **ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 4: FORMAR, INFORMAR E VISIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓN S LOCAIS GALEGAS**

ACTIVIDADE 4.1: Apoio a Concellos para elaboración de Plans de Implementación dos ODS a nivel local

Na liña de afondar no apoio aos Concellos socios do Fondo Galego interesados en implementar as metas establecidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU no ano 2015, propónse continuar co apoio especializado e individualizado ata a 7 concellos para a elaboración do seu propio Plan de implementación. Para iso contarase coa contratación dunha consultora especializada con experiencia no sector. A consultora deberá facer un diagnóstico inicial, e a elaboración do propio plan, contando coa participación dos principais axentes identificados no concello en cada unha das áreas de traballo. Dita actividade será financiada pola Xunta de Galicia e pola Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento.

Orzamento: 43.197,00 €

Contratación de consultora para elaboración dos Plans: 43.197,00 €

ACTIVIDADE 4.2: Curso online de formación

A crise do coronavirus viu a pór de manifesto a importancia das novas tecnoloxías para a comunicación e a formación. No ano 2020 foi creada unha plataforma online de formación que permite contar cun espazo virtual no que desenvolver cursos relacionados coa nosa área de traballo, neste caso a cooperación ao desenvolvemento. Así mesmo, os cursos a distancia están tendo moito éxito polas comodidades e



facilidades que permite, tanto como para o persoal docente como para o alumnado: aforro de tempo e custes, facilidade de emprego, flexibilidade do aprendizaxe, actualización dos contidos, etc.

Dado o éxito do primeiro curso online posto en marcha polo Fondo Galego na pasada anualidade, e dado que houbo moitas persoas interesadas que quedaron sen praza para poder realizalo, a proposta para este 2022 sería replicar os contidos do primeiro curso, sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. Cóntase para iso con persoas expertas na materia que impartirán as diferentes sesións. O público obxectivo sería o persoal político e técnico das administracións locais galegas, alén do público xeral no caso de haber vacantes. Esta actividade será financiada pola Xunta de Galicia.

Orzamento: 3.440,00 €

Honorarios formadores/as: 3.000,00 €

Plataforma Moodle: 440,00 €

ACTIVIDADE 4.3: Axenda 2023

As axendas son un material de papelería case imprescindibles para o persoal técnico e político das administracións locais. Polo tanto, o Fondo Galego promoverá a elaboración dunha axenda propia, elaborada con materiais reciclados e na que se destaquen as datas relativas á solidariedade e Dereitos Humanos. A axenda versará sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

Orzamento: 3.000,00 €

Deseño e impresión das axendas: 3.000,00 €

ACTIVIDADE 4.4: Elaboración da Memoria anual

Ao peche do exercicio, realízase a edición dixital e impresa dun completo documento que recolle a actividade realizada durante o ano no relativo ao tecido asociativo, relacións institucionais, proxectos de cooperación, accións de sensibilización, comunicación, balance económico e axenda. A Memoria distribúese entre todas as entidades socias e demais axentes do sector, entre outros.

Orzamento: 700,00 €

Deseño e impresión de 300 exemplares: 611,05 €

Envío memorias: 88,95 €

ACTIVIDADE 4.5. Concurso de murais “Muros que unen V”

O concurso de murais levado a cabo nas anualidades anteriores na cidade da Coruña amosou bos resultados en canto á participación e aceptación por parte dos colectivos que promoven a arte urbana. Non cabe dúbida, ademais, de que a arte urbana é unha das ferramentas máis potentes para visibilizar determinadas situacións de inxustiza e para sensibilizar sobre as desigualdades. Polo que, co obxectivo de continuar con esta



innovación e sen perder a convicción da importancia das imaxes como ferramenta sensibilizadora, para o 2022 propónse unha continuación do concurso para representar nos muros da cidade outros 4 ODS. Esta actividade será financiada polo Concello da Coruña.

Orzamento: 20.022,79€

Preparación das áreas a pintar: 2.000,00 €

Premios: 6.000,00 €

Materiais para o pintado das obras: 1.200,00 €

Grúas, andamiaxe, casetas, baños químicos: 1.700,00 €

Deseño e impresión de materiais de difusión: 100,00 €

Desprazamentos, aloxamentos e manutención para xestión da actividade e pintado das obras: 1.408,48 €

Desprazamento e manutención para o xurado: 500,00 €

Custes indirectos: 2.000,00 €

Custo de persoal da técnica Carmen Novas Ferradás imputado á actividade: 6.416,44 €

ACTIVIDADE 4.6: III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía

En novembro de 2019 tiña lugar o Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía polos ODS, que reuniu a representantes dos gobernos locais e rexionais de Mozambique, Cabo Verde, Guinea Bissau, Angola, Portugal, Santo Tomé e Príncipe e Galicia. Froito deste encontro emanaron dúas propostas: Realización do Foro anualmente, quedando fixada a cidade de Lisboa para o 2020 e elaboración dun memorando de entendemento a asinar entre as partes participantes. Debido á evolución da crise do COVID 19 a nivel internacional, o Foro de Lisboa quedou sen poder ser realizado. Para evitar parálises ou retrocesos no momento inicial de constitución da Rede, no 2021 o II Foro foi realizado de maneira semipresencial na cidade de Braga (Portugal). Para o ano 2022, Cabo Verde será o país acolledor do evento, contando como anfitrión coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos. Terá lugar os días 7 e 8 de xullo na cidade de Mindelo. A actividade será financiada pola Xunta de Galicia e pola Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento.

Orzamento: 27.854,00 €

Viaxes internacionais (Brasil, Portugal, Mozambique, Guinea Bissau, Príncipe, España) e voos internos: 19.620,00 €

Aloxamentos: 2.664,00 €

Manutención: 2.747,00 €

Elementos de visibilización e outros gastos: 2.823,00 €



ACTIVIDADE 4.7: Actividades con ONGD

Nesta anualidade terán lugar as actividades de sensibilización das ONGD Vicente Ferrer, Agareso, Amigos da Terra e Solidariedade Internacional. Ditas entidades son as que resultaron beneficiarias da convocatoria para proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento para ONGD galegas ou con sede en Galicia, e que establecía a obriga de deseñar unha actividade relativa ao proxecto para executar en concellos galegos. As actividades serán executadas nun total de 12 concellos.

Orzamento: 12.000,00 €

Actividade Agareso: 3.000,00 €

Actividade Amigos da Terra: 3.000,00 €

Actividade Solidariedade Internacional: 3.000,00 €

Actividade Vicente Ferrer: 3.000,00 €

ACTIVIDADES DENTRO DO PROXECTO PEOPLE AND PLANET

ACTIVIDADE 4.8: Accións de rúa

Comunicación de guerrilla: O espazo público adoita ser o escenario desta técnica comunicativa nada convencional, que subverte a linguaxe da publicidade para chamar a atención sobre determinadas problemáticas, podendo utilizar o mobiliario urbano ao seu favor. Transgresora, aínda que non necesariamente molesta e a miúdo divertida, a comunicación de guerrilla emprega o enxeño e a creatividade para acadar maior impacto e provocar a reflexión.

Performance: Actrices, músicos, bailarinas... irrompen nun lugar público para poñer en escena unha actuación inesperada coa que denunciar algunha inxustiza, resignificando ese espazo e provocando a reacción do público. Unha das formas de performance máis coñecidas son os flashmobs, nos que normalmente se interpreta unha coreografía ao son dunha canción, que mesmo pode gravarse e converterse en viral. Será benvida a participación dos grupos de música e danza dos municipios. Serán un total de 15 concellos beneficiarios no ano 2022. As actividades serán financiadas polo programa DEAR da Unión europea.

Orzamento: 64.350,00 €

Contratación de entidades para realizar as accións: 32.640,00 €

Materiais para producir as accións: 31.710,00 €

ACTIVIDADE 4.9: Cambio climático no prato

Coa teima de promover estilos de vida máis sustentables, realizaranse dez obradoiros de cociña nos que, aplicando un enfoque integral, se terá en conta o ciclo de vida dos alimentos, desde o lugar onde se produciron ata que son servidos na mesa. Con esta información, poderanse tomar decisións máis acertadas sobre a saúde das persoas e do



planeta. Asemade, empregaranse produtos de proximidade (km 0), promovendo así a reflexión sobre o consumo enerxético, a pegada hídrica ou a economía local. Poderán beneficiarse ata un máximo de 12 concellos. A actividade será financiada polo programa DEAR da Unión Europea.

Orzamento: 2.946,68 €

Contratación entidade/persoa para impartir as 10 sesións: 2.946,68 €

ACTIVIDADE 4.10: Exposición de realidade virtual

Para conectar o noso contexto coa realidade dos países do Sur e como lles afecta o cambio climático, crearase unha exposición de realidade virtual que xirará por diferentes municipios. As persoas que a visiten poderán vivir na súa pel situacións que lle axudarán a comprender a relación entre os nosos actos e o seu impacto no ámbito global, poñendo de relevo a necesidade introducir cambios na nosa vida cotiá. A actividade será financiada polo programa DEAR da Unión Europea.

Orzamento: 16.000,00 €

Contratación de entidade para deseño e elaboración da exposición:
16.000,00 €

ACTIVIDADE 4.11: Festival de murais

Baixo o lema 'People & Planet', organizaranse festivais de murais, coa participación de catro concellos que cederán os muros para a realización das obras (de entre 40 e 50 m²), preferentemente situados en lugares transitados da vila. A primeira edición do festival terá lugar no 2022 e participarán dous dos catro concellos que acollen esta actividade. A finalidade é sensibilizar sobre a sustentabilidade ambiental, ao tempo que se emprega a arte urbana, especialmente popular entre a mocidade, para fomentar o pensamento crítico e a participación cidadá na construción de cidades inclusivas. A actividade será financiada polo programa DEAR da Unión Europea.

Orzamento: 18.051,75 €

Preparación das áreas a pintar. Materiais: 18.051,75 €

ACTIVIDADE 4.12: Obradoiros de debuxo urbano

Dez concellos acollerán outros tantos obradoiros de debuxo urbano nos que mozas e mozos porán en práctica as técnicas do "urban sketching", un movemento creativo que se propón contar a realidade en primeira persoa a través do debuxo, celebrar a diversidade de miradas e compartilas cos demais. Un recurso expresivo que pon en valor a capacidade de observación destes reporteiros visuais en relación co tema 'People & Planet'. A actividade será financiada polo programa DEAR da Unión Europea.

Orzamento: 6.000,00 €



Contratación de entidade/ persoa experta para impartir os obradoiros:

6.000,00 €

ACTIVIDADE 4.13: Consello climático xuvenil

A implicación directa da mocidade nos problemas ambientais do concello e na súa resolución é chave neste proxecto, polo que en maio de 2021 catro municipios puxeron en marcha cadanseu consello integrado por mozas e mozos de entre 15 e 34 anos que asesorarán ao goberno local nesta materia. Persoal especializado encargárase de dinamizar as xuntanzas mensuais, propoñendo un tema de debate e recollendo ideas sobre estilos de vida sostibles. Representantes destes concellos participarán despois nun campamento de mocidade europea en Portugal para elaborar unha guía ao respecto. A actividade será financiada polo programa DEAR da Unión Europea.

Orzamento: 10.809,99 €

Contratación entidade experta para dinamizar o CCX: 10.809,99 €

ACTIVIDADE 4.14: Apagón ambiental

En liña con outras iniciativas que nos convidan a apagar as luces das casas para conmemorar algunha efeméride medioambiental, propónse que a Casa do Concello ou outro monumento emblemático do municipio quede sen iluminación, a unha hora concreta, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, o 5 de xuño. Preténdese así chamar a atención sobre a crise climática e a importancia de implicarse na defensa ecolóxica.

Orzamento: incluídos nos gastos de persoal.

ACTIVIDADE 4.15: #WaterOfTheFuture

A escaseza de auga é un problema global con consecuencias devastadoras, tanto na actualidade como para as vindeiras xeracións, de aí que se constituía no tema central desta campaña paneuropea, que pretende xerar conciencia e mudar hábitos co fin de protexer este recurso e garantir o acceso á auga limpa. A estratexia de comunicación incorpora accións como anuncios en televisión, vídeos en redes sociais ou unha páxina web para achegarlle a 58 millóns de persoas a mensaxe de que “sen auga, non hai futuro”. Por tanto, a misión do Fondo Galego con esta actividade é a de difundir o vídeo creado polo proxecto.

Orzamento: incluídos nos gastos de persoal.

ACTIVIDADE 4.16: #IAmTheChange

Cada unha e cada un de nós somos o cambio, de aí o hashtag escollido para este reto xuvenil no que a mocidade ten que subir a Youtube un vídeo de 1 minuto de duración expoñendo o seu compromiso co cambio cara unha sociedade máis xusta e sostible. O



vídeo máis visto ao remate do proxecto será premiado cun móbil de comercio xusto. Convidarase ás e aos participantes nas distintas actividades a gravar a súa mensaxe.

Orzamento: incluído nos gastos de persoal.

Orzamento de gastos xerais e de persoal do proxecto People anda Planet: 30.212,00€

Viaxe a Lisboa para reunión de parceiros: 500,00 €

Manutención estadía en Lisboa: 612,00 €

Desprazamentos supervisión actividades: 600,00 €

Materiais sostibles: 1.600,00 €

Gastos de persoal de Carmen Novas imputados ao proxecto: 6.900,00 €

Gastos de persoal de Andrea M. García imputados ao proxecto: 20.000,00 €

3. PLAN ÁREA DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

➤ OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

OBXECTIVO 5: ELEVAR A COOPERACIÓN COS PAÍSES DO SUR AO EIXO CENTRAL DE ACTIVIDADE

✚ ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 5: ELEVAR A COOPERACIÓN COS PAÍSES DO SUR AO EIXO CENTRAL DE ACTIVIDADE

ACTIVIDADE 5.1: Proxectos de cooperación directa

Dando continuidade ao impulso da cooperación directa realizada na pasada anualidade, propónse continuar apoiando directamente iniciativas de cooperación nos países do Sur, prioritariamente da man de municipios dos países empobrecidos ou as asociacións que as representan. A cooperación directa estará focalizada nos países de Mozambique e Guinea Bissau.

Orzamento: 35.000,00 €

Novos proxectos 2022: 20.000,00 €

Fundação Encontro: 15.000,00 €

ACTIVIDADE 5.2: Axuda Humanitaria ou de emerxencia

Resérvase unha partida para axuda humanitaria, fundamentalmente para paliar as consecuencias das crises derivadas de catástrofes naturais ou humanitarias.

Orzamento: 60.000,00 €

Ciclón Mozambique: 15.000,00 €

Poboación refuxiada saharauí: 45.000,00 €

ACTIVIDADE 5.3: Convocatoria de proxectos para ONGD

A próxima convocatoria para proxectos de cooperación da man das ONGD galegas será publicada no terceiro trimestre do ano, polo que durante toda a anualidade se levarán a cabo tarefas de xestión e coordinación xunto coa Coordinadora Galega de ONGD.

A convocatoria estará dotada dun máximo de 100.000€ que serán imputados no orzamento da anualidade 2023. No entanto, faise unha pequena reserva para sufragar os gastos da mesma.

Orzamento: 8.796,81 €

Reserva de orzamento: 8.796,81 €



ACTIVIDADE 5.4: Especialistas en Cooperar

Retómase nesta anualidade o programa de cooperación técnico, con cambio significativos e importantes tanto na súa conceptualización como no propio nome da actividade.

A través deste programa 4 persoas que sexan persoal técnico de concellos ou deputacións socias do Fondo Galego terán a oportunidade de desenvolver unha tarefa técnica nalgún dos proxectos de cooperación que apoia o Fondo Galego. As viaxes terán lugar nesta anualidade. A actividade será financiada pola Axencia española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento.

Orzamento: 11.900,00 €

Viaxes 4 persoas a Mozambique: 6.000,00 €

Aloxamento 4 persoas durante 1 mes en Mozambique: 3.600,00 €

Manutención 4 persoas en Mozambique durante 1 mes: 1.600,00 €

Deseño cartel, folleto e bñeres promocionais: 200,00 €

Desprazamento para reunión de formación e avaliación: 500,00 €

ACTIVIDADE 5.5: Misións aos proxectos de cooperación

Serán realizadas dúas visitas a proxectos de cooperación en marcha ou recentemente rematados en Mozambique e Guinea Bissau. Alén de facer seguimento e avaliación técnica dos proxectos, farase fincapé no fortalecemento da relación institucional cos parceiros locais. Asemade, terá lugar unha visita aos campamentos das persoas refuxiadas saharauís en Alxeria para dar inicio ás relacións de cooperación. Participarán nesta visita representantes políticos do Fondo Galego xunto co persoal técnico da asociación.

Orzamento: 13.000,00 €

Viaxe, aloxamento e manutención para 4 persoas en Mozambique: 7.000,00 €

Viaxe, aloxamento e manutención para 4 persoas en Guinea Bissau: 4.000,00 €

Misión aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís (2 persoas): 2.000,00 €

ORZAMENTO 2022
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

INGRESOS	IMPORTE	
Cotas entidades socias 2022	197.506,61 €	
Comisión Europea	101.769,87 €	
Convenio Xunta de Galicia	60.000,00 €	
Convenio Xunta de Galicia- cooperación	20.000,00 €	
Concello da Coruña	20.022,79 €	
Concello de Narón	11.000,00 €	
Concello de Cambre	15.000,00 €	
Concello de Teo	1.500,00 €	
Concello de Nigrán	10.000,00 €	
Mancomunidade do Val Miñor	20.000,00 €	
Convenio Confederación de Fondos-AECID	30.000,00 €	
TOTAL INGRESOS	486.799,27 €	
GASTOS		IMPORTE
ÁREA FUNCIONAMENTO	59.193,59 €	12,16%
Gastos persoal (1)	47.219,82 €	
Xuntanzas da Rede municipalista solidaria	409,59 €	
Asemblea Xeral	800,00 €	
Viaxes institucionais e participación en Foros	2.500,00 €	
Correos, teléfono, internet, web, mensaxería, papelería, etc.	2.000,00 €	
Asesoría contable	3.000,00 €	
Asesoría xurídica	2.000,00 €	
Servizo de prevención riscos laborais	264,18 €	
Gastos de desprazamentos e manutención	400,00 €	
Comisións bancarias	600,00 €	
ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	24.200,00 €	4,97%
Campaña captación de entidades socias	1.300,00 €	
Elaboración de protocolos ou normas de funcionamento interno	0,00 €	
Fomento de alianzas estratéxicas	200,00 €	
Participación na Confederación de Fondos	2.500,00 €	
Acto conmemorativo 25 aniversario	20.200,00 €	
ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN	271.708,87 €	55,82%
Elaboración de 7 Plans de Implementación dos ODS a nivel local	43.197,00 €	
Curso online sobre os ODS	3.440,00 €	
Axendas 2023	3.000,00 €	
Memoria Anual	700,00 €	
Concurso de murais "Muros que Unen V"	14.908,48 €	
III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía en Cabo Verde	27.854,00 €	
Actividade Agareso	3.000,00 €	
Actividade Amigos da Terra	3.000,00 €	
Actividade Solidaridade Internacional	3.000,00 €	
Actividade Vicente Ferrer	3.000,00 €	
Materiais comunicación e difusión	650,00 €	
Gasto de persoal imputado á área de sensibilización	17.588,97 €	
PROXECTO EUROPEO PEOPLE&PLANET	148.370,42 €	
ÁREA COOPERACIÓN INTERNACIONAL	128.696,81 €	26,44%
Proxectos de cooperación directa	35.000,00 €	
Axuda de emerxencia/humanitaria	60.000,00 €	
Convocatoria de proxectos 2022/2023	8.796,81 €	
Especialistas en Cooperar	11.900,00 €	
Misións aos proxectos de cooperación	13.000,00 €	
IMPREVISTOS	3.000,00 €	0,62%
TOTAL GASTOS	486.799,27 €	

INGRESOS EN CONCEPTO DE COTAS DAS ENTIDADES SOCIAS 2022

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

CONCELLO/DEPUTACIÓN	IMPORTE COTA 2022
Concello da Coruña	13.977,21 €
Concello da Estrada	1.638,64 €
Concello da Guarda	840,90 €
Concello da Laracha	1.028,62 €
Concello da Pastoriza	368,57 €
Concello da Pobra de Trives	264,46 €
Concello da Pobra do Caramiñal	747,49 €
Concello das Neves	395,00 €
Concello das Pontes	1.556,75 €
Concello de Abegondo	618,13 €
Concello de Alfoz	252,75 €
Concello de Allariz	646,09 €
Concello de Ames	2.544,83 €
Concello de Arteixo	3.990,63 €
Concello de Baños de Molgas	229,27 €
Concello de Barreiros	386,09 €
Concello de Barro	389,06 €
Concello de Bergondo	659,81 €
Concello de Betanzos	1.087,91 €
Concello de Boiro	1.441,82 €
Concello de Brión	701,46 €
Concello de Bueu	1.048,20 €
Concello de Burela	753,43 €
Concello de Cabana de Bergantiños	408,63 €
Concello de Cabanas	477,54 €
Concello de Caldas de Reis	762,58 €
Concello de Cambados	1.111,96 €
Concello de Cambre	1.791,38 €
Concello de Carballo	2.533,90 €
Concello de Cariño	394,08 €
Concello de Carral	653,61 €
Concello de Cartelle	283,44 €
Concello de Castrelo de Miño	242,22 €
Concello de Castroverde	283,64 €
Concello de Corcubión	250,47 €
Concello de Covelo	276,14 €
Concello de Culleredo	2.362,39 €
Concello de Cuntis	423,45 €
Concello de Dumbría	348,86 €
Concello de Fene	2.000,00 €
Concello de Ferrol	5.138,32 €
Concello de Gondomar	1.147,27 €
Concello de Guitiriz	621,17 €

Concello de Laxe	368,17 €
Concello de Lousame	377,34 €
Concello de Lugo	9.394,99 €
Concello de Malpica de Bergantiños	616,62 €
Concello de Manzaneda	225,82 €
Concello de Miño	654,87 €
Concello de Moaña	1.462,27 €
Concello de Moeche	500,00 €
Concello de Monfero	242,93 €
Concello de Monforte de Lemos	1.422,49 €
Concello de Moraña	406,35 €
Concello de Mugardos	643,79 €
Concello de Muros	718,09 €
Concello de Narón	3.312,02 €
Concello de Nigrán	2.500,00 €
Concello de Noia	1.131,86 €
Concello de Oímbra	254,76 €
Concello de Oleiros	3.219,87 €
Concello de Outes	10.165,39 €
Concello de Ourense	643,12 €
Concello de Poio	1.376,63 €
Concello de Pontearreas	1.731,84 €
Concello de Pontecesures	370,25 €
Concello de Pontedeume	695,85 €
Concello de Pontevedra	15.000,00 €
Concello de Porto do Son	747,32 €
Concello de Ramirás	249,18 €
Concello de Redondela	1.958,68 €
Concello de Rianxo	1.014,47 €
Concello de Ribeira	2.075,22 €
Concello de Riotorto	238,76 €
Concello de Rodeiro	276,97 €
Concello de Sada	1.344,70 €
Concello de San Cibrao de Viñas	618,04 €
Concello de San Sadurniño	500,00 €
Concello de Sandiás	237,53 €
Concello de Santiago de Compostela	10.528,64 €
Concello de Sarria	1.098,17 €
Concello de Silleda	732,41 €
Concello de Soutomaior	685,06 €
Concello de Teo	1.432,75 €
Concello de Tomiño	1.106,38 €
Concello de Triacastela	219,02 €
Concello de Valga	632,19 €
Concello de Vereia	228,10 €
Concello de Verín	1.109,29 €
Concello de Viana do Bolo	290,99 €
Concello de Vilagarcía de Arousa	2.767,50 €
Concello de Vilar de Santos	224,20 €

Concello de Vilardevós	257,47 €
Concello de Vilasantar	237,96 €
Concello de Viveiro	1.316,08 €
Concello de Xove	769,28 €
Concello do Barco de Valdeorras	1.101,52 €
Concello do Irixo	244,86 €
Concello do Porriño	1.485,60 €
Concello do Rosal	334,52 €
Concello do Valadouro	263,27 €
Deputación de Lugo	12.000,00 €
Deputación da Coruña	18.434,38 €
Deputación de Pontevedra	16.232,64 €
TOTAL	197.506,61 €

GASTOS

ÁREA FUNCIONAMENTO	59.193,59€
Gastos persoal (1)	47.219,82 €
Gasto persoal Andrea Manuela García Corzo. Coordinación e Técnica c proxectos	24.289,53 €
Gasto persoal Carmen Novas Ferradás. Técnica de comunicación e sensibilización.	22.930,29 €
Xuntanzas da Rede municipalista solidaria	409,59 €
Desprazamentos e café para asistentes	227,41 €
Café e pestiscos para asistentes	182,18 €
Asemblea Xeral	800,00 €
Desprazamentos	100,00 €
Petiscos	500,00 €
Elementos de visibilización	200,00 €
Viaxes institucionais e participación en Foros	2.500,00 €
Viaxes, desprazamentos e manutención	2.500,00 €
Correos, teléfono, internet, web, mensaxería, papelería, etc.	2.000,00 €
	2.000,00 €
Asesoría contable	3.000,00 €
	3.000,00 €
Asesoría xurídica	2.000,00 €
	2.000,00 €
Servizo de prevención riscos laborais	264,18 €
	264,18 €
Gastos de desprazamentos e manutención	400,00 €
Desprazamentos ordinarios para seguimento actividades Fondo Galego	400,00 €
Comisións bancarias	600,00 €

(1) Parte dos gastos de persoal están imputados ás diversas subvencións aos que están vinculados.

GASTOS

ÁREA FORTALECIMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	24.200,00€
Campaña captación de entidades socias	1.300,00 €
Desprazamento reunións	600,00 €
Elementos visibilización	200,00 €
Petiscos	500,00 €
Elaboración de protocolos ou normas de funcionamento interno	0,00 €
Gastos incluídos en gastos de persoal e asesoría xurídica	
Fomento de alianzas estratéxicas	200,00 €
Desprazamento reunións	200,00 €
Participación na Confederación de Fondos	2.500,00 €
Cota 2022	2.500,00 €
Acto conmemorativo 25 aniversario	20.200,00 €
Materiais visibilización	1.500,00 €
Catering	5.000,00 €
Asistencia técnica son e imaxe	3.000,00 €
Actuación música en directo	3.000,00 €
Agasallos	1.500,00 €
Condución do evento	1.200,00 €
Vídeos conmemorativos	5.000,00 €

GASTOS

ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN	271.708,87 €
Elaboración de 7 Plans de Implementación dos ODS a nivel local	43.197,00 €
Contratación de consultora para elaboración dos Plans	43.197,00 €
Curso online sobre os ODS	3.440,00 €
Honorarios formadores/as	3.000,00 €
Plataforma Moodle	440,00 €
Axendas 2023	3.000,00 €
Deseño e impresión das axendas	3.000,00 €
Memoria Anual	700,00 €
Deseño e impresión de 300 exemplares	611,05 €
Envío memorias	88,95 €
Concurso de murais "Muros que Unen V"	14.908,48 €
Preparación das áreas a pintar	2.000,00 €
Premios	6.000,00 €
Materiais para o pintado das obras	1.200,00 €
Grúas, andamiaxe, casetas, baños químicos	1.700,00 €
Deseño e impresión de materiais de difusión	100,00 €
Desprazamentos, aloxamentos e manutención para xestión d	
actividade e pintado das obras	1.408,48 €
Desprazamento e manutención para o xurado	500,00 €
Custes indirectos	2.000,00 €
III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía en Cabo Verde	27.854,00 €
Viaxes internacionais (Mozambique, Guinea Bissau, Illa do Príncipe e	
Galicia) e voos internos	19.620,00 €
Aloxamentos	2.664,00 €
Manutención	2.747,00 €
Elementos de Visibilización e outros gastos	2.823,00 €
Actividade Agareso	3.000,00 €
Actividade Amigos da Terra	3.000,00 €
Actividade Solidariedade Internacional	3.000,00 €
Actividade Vicente Ferrer	3.000,00 €
Materiais comunicación e difusión	650,00 €
Montaxes para redes sociais	150,00 €
Vinilos para exposición cubos	500,00 €
Gasto de persoal imputado á área de sensibilización	17.588,97 €
Andrea Manuela García Corzo	3.612,53 €
Carmen Novas Ferradás	13.976,44 €
TOTAL	123.338,45 €
PROXECTO EUROPEO PEOPLE&PLANET	148.370,42 €
Gastos xerais do proxecto	3.312,00 €
Viaxe a Lisboa para reunión de parceiros	500,00 €
Manutención estadaía en Lisboa	612,00 €

Desprazamentos supervisión actividades	600,00 €
Elementos sostibles	1.600,00 €
Accións de rúa	64.350,00 €
Contratación de entidades para realizar as accións	32.640,00 €
Materiais para producir as accións	31.710,00 €
Cambio climático no prato	2.946,68 €
Contratación entidade/persoa para impartir as 10 sesións	2.946,68 €
Consello climático xuvenil	10.809,99 €
Contratación entidade experta para dinamizar o CCX	10.809,99 €
Exposición de realidade virtual	16.000,00 €
Contratación de entidade para deseño e elaboración da exposición	16.000,00 €
Festival de murais	18.051,75 €
Preparación das áreas a pintar. Materiais	18.051,75 €
Obradoiros de debuxo urbano	6.000,00 €
Contratación de entidade/ persoa experta para impartir os obradoiros	6.000,00 €
Gastos de persoal imputados ao proxecto	26.900,00 €
Gastos de persoal de Carmen Novas	6.900,00 €
Gastos de persoal de Andrea M. García	20.000,00 €

GASTOS

ÁREA COOPERACIÓN INTERNACIONAL	128.696,81 €
Proxectos de cooperación directa	35.000,00 €
Novos proxectos 2022	20.000,00 €
Fundação Encontro	15.000,00 €
Axuda de emerxencia/humanitari	60.000,00 €
Ciclón Mozambique	15.000,00 €
Poboación refuxiada saharauí	45.000,00 €
Convocatoria de proxectos 2022/2023	8.796,81 €
Reserva de orzamento	8.796,81 €
Especialistas en Cooperar	11.900,00 €
Viaxes 4 persoas a Mozambique	6.000,00 €
Aloxamento 4 persoas durante 1 mes en Mozambique	3.600,00 €
Manutención 4 persoas en Mozambique durante 1 mes	1.600,00 €
Deseño cartel, folleto e báneres promocionais	200,00 €
Desprazamento para reunión de formación e avaliación	500,00 €
Misións aos proxectos de cooperación	13.000,00 €
Viaxe, aloxamento e manutención para 4 persoas en Mozambique	7.000,00 €
Viaxe, aloxamento e manutención para 4 persoas en Guinea Bissau	4.000,00 €
Misión aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís (2 persoas)	2.000,00 €

PROTOCOLO PARA A CONFIGURACIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

INTRODUCCIÓN

O presente Protocolo ten por obxecto recoller os criterios e procedementos que rexen no proceso de configuración da Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, tratando, deste xeito, de facilitar a súa xestión e dar unha maior transparencia e participación no proceso.

Os Estatutos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, no seu capítulo II, titulado “Da Comisión executiva”, recollen toda a información relativa a este órgano, que queda definido no artigo 14 como “o órgano de goberno e de administración da asociación”.

A través deste Protocolo regúlase, por tanto, o procedemento para a configuración e posterior elección da Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, de conformidade co artigo 20 dos estatutos da asociación, nomeado “Renovación dos cargos”.

ARTIGO PRIMEIRO: PRINCIPIOS XERAIS

A actuación das persoas integrantes da Comisión Executiva cumprírase dentro dos principios xerais de boa fe, solidariedade, igualdade, ética, participación, responsabilidade e transparencia.

ARTIGO SEGUNDO: COMPOSICIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA

En consonancia co artigo 14 dos estatutos da asociación, a Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade estará constituída por nove entidades socias, que ocuparán os cargos de: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e cinco Vogalías.

Segundo o artigo 14.2, as entidades socias que ostenten estes cargos designarán a unha persoa física representante. Concrétase, neste Protocolo, que a persoa representante deberá ostentar un cargo político na súa administración local. Así mesmo, todas as entidades que conforman a Comisión Executiva deben nomear a unha persoa representante suplente, para os casos nos que a persoa titular non poida acudir ás reunións ou outros compromisos adquiridos polo Fondo Galego, podendo tratarse, neste caso, de persoal técnico ou outro cargo político da entidade representada.

ARTIGO CUARTO: CRITERIOS PARA A CONFIGURACIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA

A renovación dos cargos da Comisión Executiva aparece explicitamente descrita no artigo 20 dos Estatutos da asociación, onde se recolle que “os cargos da Comisión Executiva renovaranse en todo caso despois de cada celebración de eleccións municipais e dentro dos catro meses seguintes á constitución dos gobernos locais e provinciais”.

Complementando aos Estatutos da asociación, serán aplicados os seguintes criterios para a renovación dos cargos da Comisión Executiva:

1. Representación proporcional das forzas políticas maioritarias con presenza nos órganos de goberno das entidades socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Así mesmo, será incorporada unha administración local que conte cun goberno dun partido político de carácter local ou comarcal.
2. A Presidencia da Comisión Executiva estará ocupada por unha entidade gobernada polo partido político que sexa a forza política con maior representación entre as entidades socias do Fondo Galego.
3. A Vicepresidencia da Comisión Executiva estará ocupada por unha entidade gobernada polo partido político que sexa a segunda forza política con maior representación entre as entidades socias do Fondo Galego.
4. A lo menos un dos dous cargos, ou ben o da Secretaría, ou ben o da Tesourería, estarán ocupados por unha entidade gobernada por un partido político diferente ás dúas forzas maioritarias entre as entidades socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
5. Representación das catro provincias.
6. Representación de administracións locais con maior e menor número de habitantes, incorporando, como mínimo, unha entidade con menos de 10.000 habitantes, unha entidade de entre 20.000 e 50.000 habitantes e unha cidade ou deputación provincial.
7. Representación de entidades tanto de costa como de interior, cando menos unha entidade por casuística, co obxecto de garantir a consideración de ambas realidades na xestión de actividades e na adopción de decisións.
8. Representación paritaria en canto ao xénero. Debido a que o número de integrantes da Comisión Executiva é un número impar (nove), establécese unha porcentaxe de participación mínima para as mulleres, que debe acadar unha cota do 40%.
9. Participación de entidades integradas na Comisión Executiva saínte. Idealmente, a renovación da Comisión Executiva incluírá entidades que veñen de participar na mesma no mandato anterior mais novas entidades que se incorporan a este órgano, tratando así de dar continuidade ao traballo desenvolvido e de aproveitar as aprendizaxes adquiridas.
10. As entidades que conforman a Comisión Executiva saínte poden renovar os cargos en mandatos consecutivos, sen establecer límites.

ARTIGO QUINTO: REQUISITOS DAS ENTIDADES SOCIAS PARA INTEGRAR A COMISIÓN EXECUTIVA

As administracións locais socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade deberán reunir os seguintes requisitos para optar a integrar a Comisión Executiva:

- Estar ao corrente do pago das cotas e non ter débedas coa asociación.
- Contar cun mínimo de dous anos de pertenza ininterrompida no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Non ter incumprido de forma grave e reiterada as obrigas establecidas no artigo 29 dos Estatutos.

ARTIGO SEXTO: INTEGRANTES DA COMISIÓN EXECUTIVA NOMEADOS POR PRIMEIRA VEZ

As persoas representantes das novas entidades que entren a formar parte da Comisión Executiva do Fondo Galego por primeira vez recibirán, por parte do persoal técnico da entidade, formación relativa á cooperación ao desenvolvemento, o sistema galego de cooperación ao desenvolvemento, a cooperación municipalista e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Así mesmo, serán acompañadas e orientadas para que poidan desenvolver as funcións que se derivan do seu cargo.

ARTIGO SÉTIMO: MECANISMO DE SOLICITUDE PARA FORMAR PARTE DA COMISIÓN EXECUTIVA

As entidades que teñan interese e que reúnan os requisitos para entrar a formar parte da Comisión Executiva deberán enviar cuberto o formulario de solicitude que se adxunta no Anexo I, indicando:

- Nome completo da persoa que ocupará a súa representación, o seu cargo, enderezo electrónico e teléfono de contacto.
- O cargo que ten interese en ocupar.
- O documento ha de estar asinado pola persoa que ocupe o cargo de Alcaldía ou Presidencia.

O persoal técnico do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade informarán ás entidades socias, a través do correo electrónico e a través do rexistro electrónico das entidades, para que procedan a enviar as súas candidaturas no caso de ser do seu interese. Esta información será enviada a partir do día seguinte no que teña lugar o proceso electoral e ata un mes despois.

Asemade, os partidos políticos maioritarios poderán ser informados da abertura do prazo de recepción de candidaturas para que procedan a informar ás administracións locais socias interesadas en participar.

O prazo de presentación das candidaturas estará aberto ata 75 días naturais despois de terse celebrado as eleccións municipais.

ANEXO I: SOLICITUDE PARA FORMAR PARTE DA COMISIÓN EXECUTIVA

A través da presente, infórmase de que o Concello/Deputación de ten vontade en formar parte da Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, para o cal, achega a seguinte información:

Nome da persoa que exercerá a representación do Concello/Deputación..... na Comisión Executiva:

Cargo:

Enderezo electrónico:

Teléfono de contacto:

Cargo que ten interese en ocupar:

Data e sinatura da Alcaldía/Presidencia

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE - NIF G15629629
LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO	Consentimento expreso e interese lexítimo
FINALIDADE DO TRATAMENTO	Cumprir coa obriga legal recollida na normativa de asociacións coa finalidade de identificar aos e ás representantes da asociación e das asociadas
DECISIONS AUTOMATIZADAS OU ELABORACIÓN DE PERFILES	Non
PROCEDENCIA DOS DATOS	A persoa interesada ou o Concello/Deputación que a propón
CATEGORÍAS DE DATOS	Os indicados neste documento, sen os cales non é posible cumprir a finalidade do tratamento
COMUNICACIÓN DE DATOS PERSONALES	As obrigadas pola lei, en particular ao rexistro de asociacións, e a persoas públicas e privadas a quen sexa preciso acreditar a representación legal da entidade
TRANSFERENCIAS DE DATOS A TERCEIROS PAÍSES	Non
PRAZO DE SUPRESIÓN DOS DATOS PERSONALES	Cinco (5) anos dende a baixa na Comisión Executiva Dez (10) anos para os datos relacionado coa normativa de blanqueo de capitais e financiamento do terrorismo
MEDIDAS DE SEGURIDADE	As organizativas e tecnolóxicas axeitadas para cumprir coa normativa de aplicación
EXERCICIO DE DEREITOS	Acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación, supresión, portabilidade ou retirada do seu consentimento, dirixíndose a FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40 36003 Pontevedra .
AUTORIDADE DE CONTROL	Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es)